

MEMORIA ANUAL

CURSO ESCOLAR

2011 / 2012

CEIP Emilia Pardo Bazán

MEMORIA ANUAL 2011-2012

INDICE

| | |
|--|----|
| 1.- Introducción..... | 4 |
| 2.- Obxectivos xerais | 4 |
| 2.1. Actualizar o Proxecto Educativo de Centro..... | 4 |
| 2.2. Avaliación diagnóstica..... | 4 |
| 2.3. Concreción anual do Plan de Introducción das TIC..... | 5 |
| 2.4. Concreción anual do Plan Lector..... | 5 |
| 2.4.1. Grao de cumprimento dos obxectivos..... | 5 |
| 2.4.2. Dinamización da biblioteca escolar..... | 6 |
| 2.4.3. Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas..... | 6 |
| 2.4.4. Itinerarios lectores..... | 6 |
| 2.4.5. Actividades..... | 6 |
| 2.4.6. Ler en familia..... | 10 |
| 2.4.7. Avaliación..... | 10 |
| 3.- Concreción do Proxecto de Dirección..... | 10 |
| 4.- Memorias dos equipos docentes de ciclo..... | 15 |
| 4.1. Educación Infantil..... | 15 |
| 4.2. Primeiro ciclo de primaria..... | 17 |
| 4.3. Segundo ciclo de primaria..... | 18 |
| 4.4. Terceiro ciclo de primaria..... | 19 |
| 5.- Equipo de Dinamización Lingüística..... | 21 |
| 6.- Acción de potenciación do ensino galego en EI..... | 23 |
| 7.- Comisión de Coordinación Pedagóxica | 27 |
| 8.- Departamento de Orientación | 28 |
| 9.- Observatorio da Convivencia..... | 32 |
| 10.- Biblioteca | 35 |
| 10.1. Organización e xestión da biblioteca..... | 35 |
| 10.2. Dinamización e promoción dos recursos. Integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desen- volvemento das competencias básicas..... | 36 |
| 10.3. Formación de usuarios e educación documental..... | 38 |
| 10.4. Fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector | 38 |

MEMORIA ANUAL 2011-2012

INDICE

| | |
|--|----|
| 11.- Memoria da Comisión TIC | 38 |
| 12.- Memoria EACE | 40 |
| 12.1. Memoria das Actividades Complementarias..... | 42 |
| 13.- Memoria dos Servizos Complementarios..... | 43 |
| 13.1. Transporte escolar..... | 43 |
| 13.2. Servizo de Comedor Escolar e Programa Madrugadores.... | 43 |
| 13.2.1. Programa Madrugadores..... | 44 |
| 13.2.2. Programa de Comedor..... | 44 |
| 14.- Actividades extra-escolares xestionadas polo ANPA <u>Milnen@s</u> | 45 |
| 14.1. Actividades creativas..... | 45 |
| 14.2. Actividades deportivas..... | 47 |
| 15.- Situación das instalacións e equipamentos..... | 50 |
| 15.1. Actuacións realizadas polo Concello..... | 51 |
| 15.2. Actuacións realizadas pola Consellería de Educación e O.U. | 54 |
| 16.- Libros de texto e material complementario (Anexo I)..... | 56 |
| 17.- Resultados avaliación diagnóstica curso escolar 2010-2011..... | 56 |

1.- INTRODUCCIÓN

Finaliza o curso escolar 2011-2012 coa primeira fase de implantación do Proxecto Abalar no noso centro, concretamente no 5º nivel de educación primaria. Por outra parte prácenos manifestar a consecución do obxectivo de dotación de aulas dixitais en tódolos niveis de educación primaria.

O cumprimento dada Orde do 23 de xuño de 2011 da Consellería de Educación e O. U., na que se regulaba a nova xornada laboral do personal docente, realizouse axeitadamente gracias o acordo establecido entre a dirección do centro educativo e o claustro de profesorado, garantizando a atención do alumnado nas entradas e saídas no centro escolar.

Confírmase a nova redacción do proxecto de ampliación do centro mediante un edificio independente que albergará ó 2º ciclo de educación infantil, así como a instalación no mesmo edificio do comedor escolar do centro.

Lamentamos a finalización do proxecto de innovación educativa denominado Aulas de Potenciación do Galego en entornas castelán-falantes no 2º ciclo de educación infantil.

2.- OBXECTIVOS XERAIS A CONSEGUIR NESTE CURSO

2.1. ACTUALIZAR O PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.

Se ben iniciouse a modificación do PEC pódese considerar que segue *EN PROCESO* debéndose completar o vindeiro curso escolar 2012-2013.

2.2. AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA.

A avaliación de diagnóstico correspondente ao curso 2011-2012 tivo lugar os días 23 e 24 do mes de maio 2012 aplicándose ao alumnado de 4º curso de educación primaria. Neste curso escolar avaliáronse tres competencias: coñecemento e interacción do alumnado co mundo físico, competencias lingüística e competencia matemática.

A Comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico quedou constituída polos seguintes membros:

- a) O director do centro, que actuou de presidente.

- b) O xefe de estudos.
- c) A xefa do departamento de orientación,
- d) Unha titora de 4º curso de educación primaria.

Aos efectos de corrección dos caderniños do alumnado a citada comisión estableceu, ao igual que curso anterior, que foran os/as titores/as de 3º curso de educación primaria os encargados da súa valoración.

Os resultados obtidos polo centro na Avaliación Diagnóstica 2010-2011 poden verse no Anexo II.

2.3. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TIC.

A formación do profesorado no curso 2011-2012 tivo unha vinculación moi importante co Proxecto de Formación en Centros relacionado co desenvolvemento do Proxecto Abalar implantado no 5º nivel de EP. As temáticas abordadas este curso foron:

- PFAC Abalar: Integración dos medios informáticos dunha aula abalar no curriculum***
- Seminario permanente: A mascota como elemento de dinamización***
- Seminario permanente: A revista dixital como vehículo de comunicación***

A instalación nas aulas do 2º ciclo de educación primaria durante o terceiro trimestre do curso permitiu completar a dotación de aulas dixitais (EDI+ Videoproxector+Portátil profesorado) en tódolos niveis de 1º a 5º EP, quedando a espera de completar toda a primaria no vindeiro curso escolar coa dotación das Aulas Abalar de 6º curso.

2.4. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN LECTOR.

Programa anual de obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro.

2.4.1.- GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

Consideramos que os obxectivos programados no Plan Anual de Lectura cúmprense en liñas xerais satisfactoriamente, aínda que hai outros que para acadalos necesitan máis tempo.

2.4.2.- DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

(Ver Memoria da B. E.)

2.4.3.- RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS

Dende o curso 2002-2003 levamos a cabo o **“Programa de Lectura Silenciosa Sostida”**. Co tempo fóronse introducindo nalgúñas aulas certas modificacións, como, por exemplo, a lectura colectiva no terceiro ciclo, que van flexibilizando, enriquecendo e axustando o proxecto aos lectores.

2.4.4.- ITINERARIOS LECTORES

Seleccionáronse unha serie de títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función dos obxectivos recollidos no Proxecto Lector. Son os seguintes:

Primeiro Ciclo:

- 1º: - “Días de gatos “. Violeta Monreal
- “Rata Linda de Compostela”. Bernardino Graña
- 2º: - “Juana sin miedo”. Ana Alonso
- “A galiña azul”. Carlos Casares

Segundo Ciclo:

- 3º: - “A vaca titiriteira”. Concha Blanco
- 4º: - “Ese no es mi zoo”. Elvira Menéndez
- “Un misterio na mochila de Alba”. Fina Casalderrey

Terceiro Ciclo:

- 5º e 6º : Segundo as titorías:
- “Timo Rompebombillas”, “Apareció en mi ventana” ou “Mateo y el saco sin fondo” de Alfredo Gómez Cerdá
- “A chave da Atlántida”. Anxo Fariña

2.4.5.- ACTIVIDADES

➤ E. INFANTIL

- Continuouse co Proxecto Lector.
- Sesión de “Contacontos” no 1º día de colexio para inaugurar o curso.
- Sesións diarias de lectura nas aulas, nas que se manexaron libros de ficción e

información.

- Actividade de identificación das etiquetas dos diversos tipos de libros da B. E.
- Visitas á B. M. do barrio, con actividades sobre diferentes tipos de contos: de contar, ver, informarse,...
- Creación de material multimedia e utilización das novas tecnoloxías na animación á lectura: Grabación de contos polos nenos e traballos sobre eles.
- Elaboración de “Contos viaxeiros” e “Libros de nomes” en colaboración coas familias e logo presentación nas aulas e tamén ás familias.
- Actividades de dramatización e representación de poesías, contos e ditos populares.
- No tempo do “Día das Letras Galegas” fixéronse actividades sobre Valentín Paz Andrade.
- Préstamo de libros da aula á casa.
 - Colaboración coas familias: Ao principio de curso solicitouse a cada familia que aportase un conto para a biblioteca de aula, utilizándose logo estes contos para animación á lectura e como complemento as actividades de aula.
 - As mestras de apoio, facendo uso da pizarra dixital e as actividades plásticas, traballaron para reforzar a comprensión os seguintes contos:
 - “Unha parella diferente”. Daniela Kulot
 - “Unha pantasma con asma”. Carmen Gil
 - “La cebra Camila”. Marisa Núñez
 - “O polo Pepe”. Nick Denfield

➤ 1º CICLO

- Participación no P.L.S.S.
 - Visitas guiadas a B.E., especialmente a principios de curso, para coñecer ou volver lembrar seccións, funcionamento, ...
 - Presentacións aos alumnos en momentos puntuais de novidades de libros, textos diversos, ...
 - Narración de contos, poemas,... polos profesores ou alumnos.
 - Lectura nas aulas de todo tipo de textos, unhas veces de xeito silencioso e individual e outras colectivamente.

- Dramatización dalgunhas das lecturas leidas.
- Lectura de dous libros por nivel, un en castelán e outro en galego:
- En 1º:

“Días de gatos” de Violeta Monreal

“Rata Linda de Compostela” de Bernardino Graña.

- En 2º:

“Juana sin miedo” de Ana Alonso

“A galiña azul” de Carlos Casares.

Tamén léronse dúas antoloxías de textos diversos (unha en castelán e outra en galego) nos dous niveis.

- Realización de actividades plásticas e literarias relacionados coas lecturas mencionadas e outras: Marcapáxinas, murais, Biblonautas (títeres), talleres de creación literaria, actividades de escritura e plásticas relacionadas cos Xogos Olímpicos.
- Encontros con autores:
 - Todos os alumnos do Ciclo mantiveron un encontro coa escritora María Menéndez-Ponte, autora dos libros de “Pupi”.
 - Os alumnos de 2º nivel reuníronse tamén coa escritora Ana Alonso, autora de “Juana sin miedo”
- Iniciación á búsqueda da información, especialmente en temas relacionados cos contidos curriculares de Coñecemento do Medio e Educación Artística: confección dun pequeno traballo de investigación.
- Recomendacións de libros que se poidan mercar para a B.E.
- Colaboración das familias con aportacións de contos, cómics,... para a biblioteca de aula.

➤ 2º CICLO:

- Participación no P.L.S.S.
- Lectura de libros
 - En 3º:
 - “A vaca titiriteira” de Concha Blanco
 - “Veva” de Carmen Kurtz
 - “Tras la pista del abuelo” de Alfredo Gómez Cerdá

“O gran lobo branco” de Uxío Novoneyra

“El corsario Macario en la isla de los dinosaurios” de Juan Muñoz

“A contar estrelas no camiño” de Nati Borrajo

- En 4º:

“Ese no es mi zoo” de Elvira Menéndez

“Un misterio na mochila de Alba” de Fina Casalderrey

Sobre todos estes libros realizáronse diversas actividades: posta en común, actividades de expresión oral, escrita e creación artística.

- **Encontros con autores:**

Tras a lectura do libro de Fina Casalderrey todo o alumnado de 4º nivel participou nun encontro coa autora.

- En 4º tamén continuouse coa “Iniciación ao Cine Clásico” comezado o curso pasado. Visionáronse dúas películas:

← - “Viaje al Centro de la Tierra”

← - “El mundo perdido”

➤ **3º CICLO:**

- **Participación no P.L.S.S.**

- Traballáronse todas as actividades propostas na P.X.A. para o Plan Anual de Lectura, que valoramos positivamente.

- Combináronse nas diversas titorías distintas modalidades de lectura: dramatización, lectura colectiva, lectura silenciosa, recitación,...

- Nalgunhas titorías a biblioteca de aula está informatizada e o propio alumnado é o encargado da súa xestión: rexistro, préstamos, devolución, lecturas recomendadas,...

- **Lecturas de dous libros por nivel:**

- En 5º e 6ª:

Segundo a titoría léronse: “Timo Rompebombillas”, “Apareció en mi ventana” ou “Mateo y el saco sin fondo”, todas de Alfredo Gómez Cerdá. Ademais, nos dous niveis leuse “A chave da Atlántida” de Anxo Fariña.

- **Encontros con autores:**

- Encontro con Alfredo Gómez Cerdá
 - Encontro con Anxo Fariña, que, aparte de vir como autor literario, expuso tamén a súa faceta de ilustrador.
- O alumnado de 5º C levou a cabo varias lecturas de contos para o alumnado de 1º curso, dentro do proxecto “O MEU AMIGO MAIOR”. Algúns dos contos foron de elaboración propia e acompañáronse con música interpretada en directo. A experiencia resultou moi positiva e continuarase, se é posible, o próximo curso.
 - Como todos os cursos pasados o alumnado de 6º elaborou un programa de radio dentro do proxecto “A radio en ruta da Cadena Ser” no que se traballan moitos dos contidos e actividades incluídos no Plan de Lectura e que se emite desde a B.E. do noso centro.

➤ **ACTIVIDADES XERAIS DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

Ver Memoria da Biblioteca.

2.4.6.- LER EN FAMILIA

Animouse ás familias (a través das reunións colectivas ou das titorías individuais) para que colaboraran na consecución do obxectivo de facer lectores pois a súa axuda é fundamental para o éxito desta empresa.

2.4.7.- AVALIACIÓN

No 1º Ciclo a avaliación efectuada sobre o Plan Anual de Lectura é positiva.

Atópanse algunhas dificultades ao principio do curso nos alumnos de 1º para centrarse nos 20 minutos da “Hora de Ler” pero logo se adaptan á dinámica.

No 2º Ciclo estiman en xeral positiva a avaliación.

No 3º Ciclo consideran a avaliación positiva, sobre todo no caso das lecturas colectivas con textos indicados polos titores/as. Observan, non obstante, que ningunha das actividades do Plan fai lector ao alumnado que non aprecia a lectura, aínda que as lecturas colectivas adoitan prender máis a atención dos non lectores.

3. CONCRECIÓN DO PROXECTO DE DIRECCIÓN.

OBXECTIVO 1. Revisión dos documentos lexislativos elaborados polo Centro, así como da nomenclatura utilizada para adaptalos á LOE. Redacción do proxecto de xestión segundo o artigo 123 da Lei Orgánica, 2/2006, do 3 de maio de Educación.

A Programación Xeral Anual elaborouse segundo o disposto pola Administración Educativa a partir do artigo 125 da LOE.

O Consello Escolar do centro aprobou o día 30 de abril de 2012 a redistribución do alumnado ao finalizar cada ciclo, tanto en educación infantil como en educación primaria.

A revisión do Proxecto Educativo do Centro (PEC) iniciouse sen chegar a completarse, quedando pendente para o vindeiro curso escolar.

OBXECTIVO 2. Potenciar o coñecemento da LOE e calquera outra lexislación educativa entre o profesorado do centro de forma que se convertan nas referencias do noso traballo.

Mediante o correo electrónico e outros medios de comunicación a Dirección do centro publicitou entre o profesorado as disposicións lexislativas de nova aparición.

OBXECTIVO 3. Dinamizar os órganos de goberno e de coordinación docentes para facelos máis efectivos.

- Creáronse as comisións/equipos que se precisaron para o bo funcionamento do centro.
- Estableceuse un calendario mensual de reunións de equipos/comisións.
- Cando foi preciso propuxéronse os temas a debater en cada sesión.
- Mantívose a estrutura organizativa nos equipos de ciclo e nas comisións elevando propostas á Comisión de Coordinación Pedagóxica ou viceversa.
- Realizáronse 8 sesións de Claustro e 7 de Consello Escolar. Todas elas tiveron carácter ordinario.

OBXECTIVO 4. Crear uns sinais fortes de identidade do Centro.

A experiencia das Aulas de potenciación da lingua galega en entornas castelán-falantes segue a valorarse noutros eidos como un aspecto definitorio do noso centro. Se ben neste curso finaliza a citada experiencia.

A avaliación positiva do Centro de Formación e Recursos do PFAC Abalar e dos Seminarios Permanentes nos que o profesorado do centro desenvolveu aspectos relativos ao emprego das TIC nos contextos de ensino-aprendizaxe, situaron ao noso centro como centro colaborador do CFR A Coruña.

A continuidade do centro no proxecto medio-ambiental “Voz Natura” e a creación dunha Comisión sobre o emprego didáctico da horta escolar, tamén marcan os sinais de

identidade do noso centro.

OBXECTIVO 5. Recoñecer e valorar o Departamento de Orientación como un órgano dinamizador e fundamental da vida do Centro.

Incrementouse a plantilla de especialistas do Departamento de Orientación e mantívose un contacto periódico coa Orientadora para acadar o maior aproveitamento dos recursos dispoñibles en canto a espazos, tempos e materiais.

OBXECTIVO 6. Fomentar o respecto entre todos os membros da Comunidade Educativa e motivar a recuperación da autoridade (que non autoritarismo) das mestras e mestres no seu significado real e pleno.

* Mantivéronse entrevistas coas familias do alumnado que presentou actitudes contrarias ás normas de convivencia, fundamentalmente nas problemáticas xurdidas polo uso inadecuado das redes sociais entre o alumnado, priorizando o aspecto educativo das medidas correctoras sobre o sancionador. Neste aspecto foi fundamental a boa coordinación entre o profesorado e a Xefatura de Estudos e a Dirección.

* Incrementouse a comunicación entre os responsables dos servizos de comedor escolar e de extra-escolares coa Dirección do centro, atallando o antes posible os indicios de incumprimento das normas de convivencia.

* Tomáronse as medidas correctoras necesarias entre o alumnado que o precisou, sen chegar á apertura de expedientes disciplinarios, optándose por medidas de conciliación mediante a realización de tarefas escolares de prevención e aprendizaxe.

OBXECTIVO 7. Fomentar a participación activa das familias do alumnado nas actividades do Centro.

* Cando foi preciso mantivéronse reunións entre a Dirección e a Xunta Directiva da ANPA Milnen@s, así como cos representantes das familias no consello escolar para tratar aspectos relacionados fundamentalmente coas necesidades estruturais do centro e co desenvolvemento das actividades extra-escolares.

OBXECTIVO 8. Potenciar a formación e o traballo en equipo do profesorado. Especialmente nas novas tecnoloxías.

* Potenciouse a creación de 1 PFAC Abalar e 2 Seminarios Permanentes relacionados co emprego das TIC.

OBXECTIVO 9. *Respectar e cumprir e facer respectar e cumprir os artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.*

* Prestouse especial atención á linguaxe sexista na redacción das circulares dirixidas a calquera sector da comunidade educativa.

* Difundíronse entre a comunidade educativa as actividades promovidas desde a Concellaría de Igualdade do Concello da Coruña.

* Non se fixeron actividades específicas para conmemorar o Día Internacional da Muller Traballadora.

OBXECTIVO 10. *Respectar os principios básicos de xustiza, solidariedade, tolerancia, respecto, igualdade ou calquera outro vital na formación do ser humano.*

* Continuouse co protocolo de resolución pacífica de conflitos.

• Conmemoráronse os días establecidos no calendario escolar a tal efecto facendo máis fincapé nalgúns deles: Magosto, Día da Paz e dos Dereitos Humanos, Letras Galegas

OBXECTIVO 11. *Articular medidas de actuación que favorezan a integración das diferentes minorías existentes no Centro: etnias, inmigrantes, alumnado con necesidades especiais de apoio educativo.*

* Para a consecución deste obxectivo non se realizaron actividades específicas que salientaran a presenza destes colectivos no noso centro, sino máis ben, buscouse darlle un tratamento normalizador.

OBXECTIVO 12. *Promover e impulsar o coñecemento da cultura galega e o uso do noso idioma en todos os ámbitos.*

* Promocionar entre a comunidade educativa a mascota creada polo EDLG para propiciar o desenvolvemento lingüístico da lingua galega

* Apoiar cos recursos orzamentarios necesarios a posta en práctica do Proxecto Lingüístico do Centro.

* Facilitáronse tódolos recursos dispoñibles para a celebración da Semana das Letras Galegas.

OBXECTIVO 13. *Dinamizar o funcionamento da Biblioteca do Centro como mediateca do centro e como elemento clave no desenvolvemento docente e cultural do Centro.*

* Renovación do PC de xestión bibliotecaria

* Realizáronse conferencias e/ou mesas redondas sobre temas de actualidade directamente relacionados coa educación:

- Entrega da recadación do Rastrillo da Solidariedade á Cociña Económica da Coruña.
- Encontros con diversos autores: María Menéndez-Pita, Ana Alonso, Fina Casalderrey, Alfredo Gómez Cerdá, Anxo Fariña.
- Sesións divulgativas do Proxecto Semente.

OBXECTIVO 14. *Organizar e impulsar a utilización correcta do Salón de Usos Múltiples.*

• Mantemento de reunións periódicas co persoal encargado das diferentes actividades que se desenvolveron no SUM para propiciar o coidado das instalacións.

OBXECTIVO 15. *Estudar a distribución dos espazos do centro para aproveitar ao máximo as súas posibilidades.*

- Mantemento de conversas co persoal do Servizo Municipal de Educación e da Unidade Técnica da Xefatura Territorial de Educación para acadar melloras nas infraestruturas do centro.
- Participación en varias conversas con persoal técnico da Consellería de Educación e O. U. Para axilizar os trámites de ampliación do colexio, coa construción dun novo edificio que albergue as instalacións do 2º ciclo de educación infantil e do comedor escolar do centro.

OBXECTIVO 16. *Mellorar a expresión e comprensión escrita do noso alumnado considerando ditas destrezas como instrumentos básicos para toda aprendizaxe académica así como para o desenvolvemento en sociedade do alumnado.*

OBXECTIVO 17. *Mellorar a competencia do alumnado en técnicas de estudo.*

OBXECTIVO 18. *Elaboración dun proxecto de actividades para as alumnas e alumnos de Atención Educativa alternativa á Educación Relixiosa.*

OBXECTIVO 19. *Impulsar a participación en proxectos de innovación educativa.*

A concreción anual dos obxectivos 16, 17, 18 e 19 centrouse nas diferentes actividades que se desenvolveron ao longo de todo o curso escolar polos diferentes

ciclos e equipos de coordinación didáctica.

OBXECTIVO 20. Mellorar o aspecto físico do colexio tanto externo como interno, do edificio anexo e da parte exterior.

* Acondicionouse o interior e mailo entorno do invernadoiro para facilitar o uso axeitado polo alumnado e o profesorado. Construíuse unha plataforma de cemento ao longo de toda a súa lonxitude para facilitar a transición sobre seco, dos usuarios independentemente da época do ano na que nos encontremos.

* Favoreceuse a creación dunha Comisión de Horto Escolar e impulsáronse as actividades de cultivo ornamental para enriquecer as zonas exteriores do colexio, creando unha cultura de respecto medio-ambiental entre o alumnado.

4. MEMORIAS DOS EQUIPOS DOCENTES DE CICLO.

4.1. EDUCACIÓN INFANTIL

O curso 2011- 2012 discorriu con normalidade .

- Seguimos compartindo o espazo da biblioteca con AL e PT.

– A través da páxina web e da revista “e-journal” dáselle acceso ás familias sobre información e actividades realizadas no ciclo.

- O encerado dixital interactivo segue sendo utilizado por todo o alumnado de infantil dun xeito sistematizado con sesións fixas semanais e agrupamentos flexibles.

- As mestres de apoio traballaron a vida e a obra de Jorge Peteiro que rematou cunha exposición no patio cuberto dos traballos feitos polos nenos e nenas e a información aportada polas familias.

- A xornada de portas abertas durante este curso programouse para que nunha primeira parte o director realizará unha presentación do centro as familias, así como do profesorado que forma parte do nivel de infantil. O profesorado do nivel encargouse nunha segunda parte de mostrarlle ás familias as instalacións de infantil.

- Participamos co alumnado de 4 e 5 anos no concerto: Mamá Oca no palacio da Ópera e organizado polo Concello.

– Na semana das Letras Galegas:

. Realizáronse actividades sobre o escritor Valentín Paz Andrade

. Participamos no festival das Letras Galegas coas aulas de 4 e 5 anos con diferentes actuacións.

- Saída de fin de curso a Marcelle Natureza.
- Fixéronse actividades colectivas como:
 - . Magosto.
 - . Nadal.
 - . Día da Paz.
 - . Entroido con desfile de disfraces e festa gastronómica
 - . Festa de graduación. O alumnado de cinco anos á realizou en presenza dos seus familiares.
 - . Día 22 de xuño, contacontos no patio cuberto na festa realizada pola ANPA.
 - . Asistimos a un contacontos en inglés e a representación de diferentes obras de teatro na que participaron alumnos do colexio.
 - . Implicación do ciclo no proxecto de Voz Natura.

DIFICULTADES

- Masificación do alumnado. O edificio quédase pequeno.
- Deficiente acceso ás aulas, debido ás moitas escaleiras e a que os corredores quedan estreitos.
- Falta de máis baños.
- Non hai espazos para impartir determinadas materias.
- Espazo inadecuado para actividades motrices e musicais, xa que o patio cuberto non reúne condicións, ten mala acústica e nel hai unha continua interrupción da sesión.
- Non existe saída de emerxencia.
- Falta de coordinación entre o Departamento de Orientación e as titoras, o que retrasou a atención individualizada ó alumnado de n.e.a.e.

CARA O VINDEIRO CURSO

- Dado o incremento de alumnado con n.e.a.e. vemos necesario tamén un incremento de profesorado especialista en AL e PT.
- Persoal de conserxería máis tempo no edificio de E. Infantil.
- Organización entre o ciclo e o Departamento de Orientación dos horarios de apoio atendendo as n.e.a.e. como prioridade.
- Sempre que fora posible solicitar informe as garderías para anticiparmos ao posible alumnado con dificultade.
- Coidador/a a tempo total en Infantil debido aos casos que precisan a súa presenza e

que nos é difícil de garantir con seguridade.

- Coordinacións trimestrais entre as titoras e o Departamento de Orientación para facer un seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado de n.e.a.e.

4.2. PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA

DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

Durante o presente curso traballáronse todos os obxectivos recollidos na PXA conseguindo, en termos globais, un bo resultado.

Destacamos os seguintes aspectos:

-Incidíuse especialmente na necesidade de manter a atención por parte do alumnado, indispensable para o desenvolvemento das actividades escolares, considerando necesario seguir traballando neste aspecto.

-Estimamos que, en termos xerais, se acadaron os obxectivos de adquisición da técnica lecto-escritora, de cálculo e de razoamento lóxico-matemático.

-Utilizáronse as TICs (encerados dixitais), en todas as aulas do ciclo. Resultaron un bo elemento para captar a atención e a motivación do alumnado.

-Traballouse para desenrolar hábitos de respecto e mellora do contorno máis inmediato, aínda que é necesario seguir impulsando este punto no vindeiro curso.

-Concedéuselle notable importancia ao obxectivo de desenrolar hábitos de cortesía no trato, pero para a súa adquisición e interiorización é imprescindible a colaboración familiar, que non é posible en todos os casos.

-Participouse no Plan de Fomento da Lectura que levou a cabo o centro, mediante o Plan de Lectura Anual. Os resultados son altamente satisfactorios.

-Ao longo do curso, realizáronse distintas actividades e celebracións: Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, actividades de dinamización lingüística (Feirán), saídas ao teatro, concertos...

-Favoreceuse a integración e a atención á diversidade de todo o alumnado.

METODOLOXÍA E AVALIACIÓN.

Traballouse de forma activa e participativa tendo en conta as capacidades de cada alumno.

Fíxose unha avaliación continua e global valorando o traballo diario da aula, a súa actitude diante do mesmo, o interese, orde e limpeza na presentación dos traballos.

O número de alumnos por aula é moi elevado para poder levar a cabo un tipo de ensino que potencie as características de cada un deles e así atender as individualidades situadas a ambos extremos da media.

Contouse con profesorado de apoio, pero non tiña suficiente tempo para atender ás crecentes necesidades, quedando nenos/as pendentes de diagnóstico ou de atención.

O Equipo de Ciclo considera que, nos casos de alumnos que teñan que repetir, debería considerarse a posibilidade de que, dependendo das características do neno/a e do nivel acadado, puidera repetir no 1º nivel. Isto favorecería a súa participación nas actividades do grupo clase e non tería que realizar un traballo individualizado que contribúe a illalo dos demais, co cal a súa motivación vai decrecendo ao non seguir o ritmo do grupo.

Por último, queremos facer constar que o absentismo escolar segue a ser un problema que se alonga no tempo, curso tras curso, sen que se amosen como efectivas as medidas tomadas.

4.3. SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA

Ao longo deste curso escolar (2011-2012) traballáronse os obxectivos plantexados ao comezo do curso, obtendo un maior ou menor grao de consecución dos mesmos, segundo os casos.

- Continuouse coa potenciación da Lingua Galega con numerosas actividades para mellorar a competencia oral acadando mellores resultados, pero aínda haberá que seguir insistindo para poder considerar os resultados satisfactorios.
- Como viñamos observando en cursos anteriores a falta de atención e dispersión mental do alumnado fixo necesario desenvolver actividades para atallar este problema e consideramos que temos que insistir máis para así evitar erros que levan a un menor rendemento académico.
- Tendo en conta os resultados das probas diagnósticas do ciclo anterior, traballouse cara a mellorar os resultados, facilitando as técnicas de estudo e

demais ferramentas, para a realización das distintas tarefas que leven á consolidación das aprendizaxes.

- En canto a conseguir unha actitude positiva cara ás diferentes manifestacións e observacións dos ensinantes, a base dunha continua insistencia da importancia de que haxa un orde, respecto e esforzo para crear un clima de traballo axeitado, obsérvase unha mellora na actitude dos alumnos.
- Empregouse o horto escolar como recurso educativo nas distintas áreas, planificando numerosas actividades dentro do proxecto de “Voz Natura” e realizáronse traballos para a exposición de fin de curso.

Os resultados foron moi satisfactorios e os alumnos tiveron ocasión de experimentar e facer seguimento dos distintos cultivos tratando sempre de valorar os recursos naturais e o respecto pola natureza.

O alumnado deste ciclo participou na recollida de residuos orgánicos para a elaboración de compost.

Tamén se realizaron diferentes traballos promovendo hábitos saudables e coidado do Medio Ambiente contando coa visita do Semprona, que lles motivou moito para as actividades ao respecto.

- Cabe destacar a saída á Granxa Escola de Beelle na que tiveron ocasión de realizar unha serie de talleres en contacto coa natureza e coa materia prima cada vez mais apreciada e tan descoñecida para os nosos alumnos inmersos na cidade.
- Empregáronse as novas tecnoloxías e a biblioteca para numerosas actividades de aula: planificación das saídas, itinerarios, traballos en grupo, etc.
- Acadouse un resultado bastante satisfactorio das actividades lectoras a través do proxecto “Plan de Lectura” por lecer e contamos coa colaboración dos pais para fomentar a lectura diaria na casa.

Utilizaron bastante o sistema de empréstitos da biblioteca do centro e mostraron bastante interese polas sesións de cine clásico que lles fixemos ao longo do curso.

4.4. TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

Os obxectivos propostos a principio de curso lograronse na maioría do alumnado do 3º ciclo, tanto nos aspectos curriculares como en hábitos e actitudes.

Con respecto aos hábitos e técnicas de estudo, os obxectivos acádanse nun grao axeitado. As dificultades máis grandes mostráronas nas estratexias para a resolución de problemas e, como sempre, no cálculo (na materia de Matemáticas).

En canto á área de lingua resulta máis dificultosa a lectura expresiva , a adquisición e/ou incorporación do novo vocabulario, a corrección ortográfica e sintáctica e a axeitada presentación dos escritos de produción propia.

Traballouse, coma sempre, no uso normalizado da Lingua Galega tanto na expresión oral, coma na escrita.

O alumnado segue a participar nas actividades de Voz Natura.

Seguimos tamén coas actividades propostas do Plan Lector que van explicitadas na memoria do devandito Plan.

Tal como se mencionou nos obxectivos para a PXA, o profesorado do Terceiro Ciclo considera o teatro como unha actividade que contribúe de xeito importante á formación do alumnado e así preparouse con alumnos de 5º e 6º unha obra de teatro que dirixiron o profesor de Música e unha profesora de PT. O alumnado participante valorou moi positivamente esta actividade. Esta obra representouse ante os compañeiros e posteriormente ante os pais.

As profesoras de Inglés tamén fan una valoración positiva da división dos grupos para a mellora da competencia na expresión oral e expresan a súa intención de continuala o próximo curso se o horario o permite.

Participamos tamén nunha sesión de música no cine preparada polo equipo de Actividades Complementarias e Extra-escolares .

Como xa é habitual, o alumnado de 6º participou nun programa de radio da “Radio en ruta”, actividade que seguimos a considerar interesante polo que de participativa e cooperativa ten na maioría do alumnado.

Iniciouse este curso nunha titoría de 5º un proxecto chamado “O MEU AMIGO MAIOR”, que pretende acercar os maiores do colexio aos nenos de primeiro curso de Primaria. Os alumnos maiores actúan coma “titores” dos pequenos, tanto nos recreos coma nas actividades programadas polas respectivas titoras.

Iniciamos tamén neste curso a nosa andadura no proxecto “ABALAR” co que cada aula de 5º quedou dotada cunha encerado dixital e un Netbook por alumno. O traballo nas aulas comezouse cando toda a instalación estivo disposta e foise aumentando gradualmente. En 5º trabállase con normalidade e en 6º aproveitamos o horario que o alumnado de 5º deixaba baleiro, xa que as aulas de 6º carecen de dotación. A

experiencia é interesante, aínda que moitas demandas do profesorado, entre outras ter acceso dende o ordenador principal ao traballo que cada alumno está facendo no seu Netbook, aínda non se pode facer, o que ralentiza o traballo e dificulta o control por parte do profesorado. Creouse, dentro deste proxecto, un aula virtual na titoría de 5º C e diversos blogues.

O alumnado de Relixión (católica e evanxélica) visitou no primeiro trimestre do curso, as instalacións da Institución benéfico-social “Padre Rubinos”, onde puidemos ver “in situ” a necesidade acuciante que sofre parte da nosa sociedade. A partir desta visita, decidimos aportar o noso pequeno gran de area, organizando unha recollida de alimentos e produtos de hixiene na que invitamos ás familias a participar. A iniciativa tivo una gran acollida e recollimos unha gran cantidade de produtos que foron entregados polos alumnos de 6º a dita Institución en nome de todo o colexio.

Tamén os alumnos de 5º e 6º participaron no “Proxecto Semente” coincidente co “Año Internacional das Cooperativas” organizado polo Concello en colaboración co colexio. O Concello organizou uns obradoiros nas aulas para explicar ao alumnado todo o proceso. En 2º lugar constituíronse as cooperativas seguintes: 5ºA “MUNDYCOOP”, 5ºB “DINOSAMA”, 5ºC “EMILIACOOP”, 6ºA e C “MELLOR XUNTOS.COOP”, 6ºB “MERCARED”, que fabricaron diversos produtos para poñelos á venda nun mercado que se situou no Obelisco. Previamente recolleron as licenzas de venda de mans do Alcalde. O 30% do recadado tiña que ser entregado ás ONG da nosa elección en concepto de impostos e, o resto, tiña que ser destinado a actividades lúdicas que se realizaron durante o mes de Xuño.

Fixemos as saídas prevista na PXA. O alumnado de 6º realizou a saída de Fin de Primaria dunha duración de tres días a un albergue de eco-turismo; o de 5º, unha saída final a Santiago.

5. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Seguindo os obxectivos do noso plan de fomento do emprego do galego; durante este curso centrámonos nas seguintes actividades para a divulgación da lingua e a cultura galegas:

- Colaboramos estreitamente co Equipo de Actividades Extra-escolares na organización do festival de Nadal, o Magosto, o concurso de broches con castañas, o Entroido e o Día da Paz.

- Colaboramos co departamento de Orientación para facer o díptico destinado ás sesións de asesoramento ás familias entregado ao comezo de curso e o folleto “falade comigo” para as familias de E.I.
- Participamos no concurso da Consellería de Cultura, Educación e O. U, de proxectos de innovación.
- Organizamos unha obra de teatro inter-clases con alumnos de 1º, 2º e 3º de E.P. para ser representadas, en principio, no Festival de Letras Galegas; aínda que, debido ás demandas recibidas, fixéronse máis representacións a finais de curso en horario extra-escolar para que puideran asistir as familias. Neste punto, o departamento de Orientación e os titores colaboraron con nós na selección dos actores e na posta en escena.
- Colaboramos na organización e representación dunha obra de teatro cos nenos e nenas do terceiro ciclo de primaria.
- Houbo máis obras de teatro en galego organizadas por algunha titora. Neste punto son especialmente destacables as aportacións dos compañeiros do departamento de música, a profesora de 3º A e a coordinadora do EACE; que se implicaron especialmente na produción teatral do noso centro.
- Colaboramos co departamento de inglés na decoración do mural da entrada e a celebración inter-cultural do Samaín / Halloween.
- Colaboramos coas titoras e titores elaborando materiais para traballar na aula como a ficha coa letra do himno galego, ou a letra da canción do esqueleto de Migallas.
- Continuamos axudando a darlles publicidade a diferentes actividades en galego ofertadas desde o Concello.
- Seguimos realizando a catalogación dos títulos, existentes no colexio, que poden formar parte da nosa fonoteca e videoteca en galego.
- Colaboramos no mantemento da Páxina web do colexio con varias novas en lingua galega sobre as actividades nas que colaborou este equipo e distintos persoeiros da nosa terra.
- Fixemos novas entradas para o “blogue dos amigos de Feirán” .
- Puxemos en marcha un proxecto de difusión de música galega por medio da megafonía complementada coa difusión da letra entre os titores.
- Axudamos a difundir a información sobre Valentín Paz-Andrade, o escritor a quen

se lle adicou este ano o Día das Letras Galegas.

- Organizamos un Festival para a celebración das Letras Galegas en tres sesións nas que houbo obras de teatro, bailes, cancións, recitado de poemas, regueifas...
- Os alumnos de catro anos prepararon unha actuación en galego que compartiron cos alumnos do primeiro ciclo.

Un ano máis, a colaboración cos demais departamentos foi fluída e moi positiva; a presenza do Galego nas comunicacións espontáneas da comunidade escolar está aumentando, o cal nos anima a continuar nesta liña, sempre abertos a novas propostas.

Queremos rematar esta memoria expresando o noso agradecemento a os compañeiros e compañeiras de todas as especialidades e niveis; gracias á súa adicación, mesmo fóra do seu horario laboral, foi posible a posta en marcha dos diversos proxectos deste equipo .

6. ACCIÓN DE POTENCIACIÓN DO ENSINO GALEGO EN EDUCACIÓN INFANTIL.

O centro conta na actualidade cunha soa unidade de educación infantil implicada no proxecto, na que hai matriculados 25 alumnos, no 6º nivel. A titora deste nivel é Consuelo Beiroa.

O colexio Emilia Pardo Bazán está situado nun barrio de Coruña, no que a maioría do alumnado procede dunha contorna sociolingüística castelán-falante.

Aínda que moitos alumnos teñen ascendencia galego-falante, outros non teñen contacto co galego na familia por seren fillos de pais castelán-falantes ou, ás veces, pais non galegos. Máis podemos constatar que o ensino en galego nesta etapa educativa, neste colexio, segue a ser demandado por numerosas familias.

VALORACIÓN DO PROXECTO:

A aula de potenciación do galego coordínase, en canto a contidos e actividades, co resto do ciclo, participando nas celebracións que programa o colexio no seu conxunto, pero dándolle un contido máis galego.

A valoración é positiva acorde con cada un dos obxectivos que se fixaron.

Obsérvase nos nenos que:

1º-Os castelán-falantes tenden a buscar os termos correspondentes en galego. Entre eles fan traducións de termos reafirmando o léxico dos dous idiomas.

2º-Aínda con dificultades (algúns con bastante soltura) intentan dirixirse en galego á profesora. Detéctanse cada vez máis alumnos, que, sen ter ningún referente familiar, nalgúns casos, usan o galego con bastante éxito.

3º-En xeral, na súa fala espontánea, aparecen expresións que reflicten a interacción dos dous códigos.

4º-Empregan vocabulario galego cando se refiren a experiencias feitas na clase (vermes, agromar, sementes,etc) e na reprodución de contos.

5º-Comunícanse entre eles maioritariamente, en castelán, pero escoitan as intervencións en galego e intentan usar este idioma. Síntense orgullosos cando se corrixen entre eles.

6º-Cando memorizamos pequenos textos, nótase máis dificultade nos castelán-falantes, pero en xeral hai avance. En 4 e 5 anos (5º e 6º nivel) escóitase nenos con discurso total e correcto en galego.

Se partimos de que esta lingua nos identifica, e como tal é un ben cultural irremplazable, temos que coidala. Dada a súa situación, nos contornos urbanos sobre todo, as medidas teñen que ser máis decididas. Cremos que enriquece aos nenos mergullarse en códigos lingüísticos diferentes dende pequenos. Ademais, estes dous idiomas, sonlle próximos: un por imperante no ambiente, e, o outro, quérirase ou non, porque así falan os avós, os tíos da aldea, ou outros adeptos que se suman con roles significativos para os nenos.

E por isto que entendemos necesario:

- Mais apoio editorial.
- Máis materiais audiovisuais atractivos e pedagóxicos, específicos para o ensino en contextos bilingües.
- Asesorar e formar ao profesorado que se implica tendo en conta a realidade obxectiva da situación:

Se a aprendizaxe dunha lingua allea amplía os horizontes cognitivos, comunicativos, creativos e psicomotores do individuo, a aprendizaxe da lingua propia,

ademais de todo isto, intégraon na comunidade cultural que a lingua transmite e sustenta, polo que as actitudes de estima e interese teñen que ser obxectivos primordiais. De aí a importancia de materiais atractivos e situacións lúdicas e divertidas onde a aprendizaxe tome sentido integrador. Pospoñemos, como obxectivo, “a produción lingüística” fronte o de “crear apego” .

Por parte do profesorado móstrase unha actitude de respecto e de axuda e colaboración por parte do Equipo de Dinamización Lingüística e do Equipo Directivo.

ASPECTOS SOBRE OS QUE REFLEXIONAR:

Tendo en conta que se trata de nenos de 3 e 4 e 5 anos nos que aínda a lingua de uso familiar está a madurar, cremos que as expectativas se van cumprindo amplamente:

Os galego-falantes son capaces de interaccionar cos compañeiros en castelán.

Os castelán-falantes esfórzanse por usar o galego e avanza na comprensión e uso oral do mesmo.

Respecto a comprensión, hai que salientar que, entenden perfectamente os contos, as consignas, etc... Isto pon de manifesto que o galego non lles é alleo aínda que non sexa activado coma lingua de uso habitual.

No que atinxe ás actividades, en xeral, consideramos fundamental visualizar, manipular, expresar co corpo, co ritmo e plasticamente experiencias sensibles e afectivas. Apoiamos sempre nelas a aprendizaxe da lingua.

Salientaría as seguintes:

1º-Traballos sobre contos:

-Extraemos dun conto: cancións, adiviñas, rimas, expresión plástica (individual/colectiva),

- Expresión corporal (escenificar/mímica).

Seleccionamos contos cunha parte rítmica sonora repetida ao longo da narración. Esta chega a ser memorizada e aproveitada dende o punto de vista lúdico e psicomotor.

-Plastificamos secuencias para apoiar visualmente o discurso oral.

-Extraemos series de adxectivos ou verbos que logo repetimos xogando e

escenificando.

2º-Rescatar xogos tradicionais con rimas repetidas e sonoras, movemento, mimo, onomatopeas, etc... Son “xogos verbais interactivos” que tamén podemos extraer de contos.

3º-Experiencias no recanto: “Cousas da Natureza” sementes, animais, carteis etc; cousas para mirar, tocar, sentir, xogar, pero con nome galego. Neste curso plantamos na clase avelás, castañas e noces que , logo, despois de agromar, levamos á horta. Tamén plantamos e coidamos plantas de interior , coa finalidade de decorar á clase, pero ,o máis importante foi o noso traballo, incluído no proxecto “Voz Natura”, “Plantas e arrecendos”. Neste puidemos sementar, ulir, coidar e transplantar á horta cecimbre, ourego, salvia, tomiño, romeo, herba luísa, nébeda e outras plantas. Salientamos a actividade de discriminar ulidos e a implicación persoal no coidado das plantas e da horta, así coma a aplicación culinaria que descubriron.

4º-Intentamos que produzan textos. Para iso :

a-Presentamos personaxes da tradición cultural galega (Merlín, curuxa, trasno, raposo, bolboreta e espantallo). Observáronos en imaxes, recreados en contos, buscáronlle nomes e fixeron con eles rimas e cancións.

b- Aportaron variadas e curiosas formas de “comezar” e “rematar” contos.

c- Cada neno creou o seu conto persoal.

d- Escribimos e ilustramos un “CONTO VIAXEIRO” coa participación das familias. Ao final buscamos título entre todos e xurdiu deles este: “Os misterios da fraga”. A nosa historia é realmente misteriosa.

5º- A participación en todas as celebracións e proxectos xurdidos a nivel do colexio, nas distintas comisións, nas que intentamos que prime sempre o engarzamento coa nosa tradición ,o vocabulario galego específico, así coma facendo aportacións propias.

Así, taniscamos castañas, pintamos cabazas de Samaín, disfrazámonos no entroido e co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, escoitamos cantamos e recitamos poesías, participamos no espectáculo do “Circo Virado” no festival que celebrou o colexio e fixéronse traballos relativos á vida e obra de Valentín

Paz Andrade.

Nas saídas que fixemos a fóra do colexio (Pazo da Ópera e granxa de Marcelle) diríxense aos nenos en galego, o que contribúe a normalizar o uso desta lingua.

A nivel de colexio, participaron tamén con debuxos sobre FEIRÁN, proxecto do E.D.L. ao que aportaron debuxos da mascota e se relacionaron con ela en múltiples situacións xurdidas na aula.

ASPECTOS POSITIVOS DA CONVOCATORIA:

Citamos os seguintes:

1º-Dá a posibilidade de contribuír á valorización positiva e respecto á nosa lingua e á nosa cultura.

2º-Posibilita tamén, perseguir dende idades temperás que os rapaces e as rapazas acaden competencias por igual nas dúas linguas cooficiais.

3º-Permite que o idioma galego sexa o vehículo transmisor da cultura, recuperando ámbitos de uso habituais de calquera idioma, en concreto o ensino nestas idades.

4º-Participación de compañeiras do colexio que colaboraron na experiencia da creación de textos e coas que puidemos contrastar opinións acerca da necesidade de recuperar o noso idioma.

7. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

No C.E.I.P. Emilia Pardo Bazán de A Coruña no curso 2011/2012, a CCP reuniuse un total de cinco veces para tratar diversos aspectos.

Os puntos tratados foron os seguintes :

- Constitución da CCP, composición, diferentes equipos e comisión.
- Propostas de obxectivos da CCP e do DO para a PXA.
- Proxecto de Formación en Centro ao ser un centro ABALAR.
- Avaliación Diagnóstica.
- Decisión de datas de avaliación, programacións, festivais e celebracións, rastrillo, saídas ...
- Normas de Organización e Funcionamento.

- Análise das partidas de orzamento.
- Posibilidade de apoios dentro do nivel ou ciclo.
- Cambio de titora na clase de 6ºA de Educación Infantil.
- Absentismo escolar.
- Observatorio de Convivencia.
- Reubicación dos país nas saídas e entradas do alumnado no centro.
- Novos agrupamentos do alumnado ao rematar cada ciclo.
- Ante a petición formulada polo equipo docente do 1º ciclo, en relación á repetición de alumnado no 1º curso do ciclo, a resposta do inspector de zona foi negativa.
- Ante a petición formulada polo equipo docente do 1º ciclo, en relación á promoción ao 2º ciclo dun alumno de n.e.a.e sen ter acadadas as competencias básicas, a resposta do inspector de zona foi positiva.

Ademais de todos estes puntos, na CCP, o mesmo que nos claustros informouse das novidades que atinxen ao centro, así coma a posta en común das decisións e suxestións de saídas, das reunión de ciclo, co fin de que exista unha boa comunicación no centro.

8. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A continuación analízase o nivel de consecución dos obxectivos do departamento de orientación para o curso 2011 - 2012 recollidos na Programación Xeral Anual (PXA):

➤ **RESPECTO AO ALUMNADO:**

- Identificar e valorar as competencias e as necesidades educativas do alumnado do centro (avaliación psicopedagóxica) \ EN PROCESO.
- Deseñar, desenvolver e avaliar programas de intervención \ ACADADO.
- Elaborar materiais específicos para o tratamento das dificultades dos escolares \ EN PROCESO.
- Facilitarlle ao alumnado o apoio e asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade \ EN PROCESO.
- Deseñar e elaborar novos materiais de rexistro, seguimento e avaliación do alumnado. \ EN PROCESO.

○ EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS:

- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos e fillas \ EN PROCESO.
- Elaborar e aplicar o programa “ Desenvolvemento de Hábitos e Técnicas de Estudio”, dirixido ás familias do alumnado de educación primaria \ ACADADO (para o 1º ciclo) e EN PROCESO (para o 2º e 3º ciclo).
- Informar ás familias do alumnado con NEAE sobre a evolución e desenvolvemento educativo e persoal dos seus fillos e fillas \ ACADADO.

○ CON REFERENCIA AO EQUIPO DOCENTE:

- Colaborar co equipo docente no proceso de avaliación formativa do alumnado e na información ás familias \ ACADADO (nalgúns casos) e EN PROCESO (para o resto de alumnado derivado).
- Impulsar a participación do equipo docente en programas de formación, investigación e innovación educativa \ INICIADO.
- Elaborar e proporcionarlle materiais adaptados as súas demandas \ EN PROCESO.

○ RELATIVO AO CENTRO E A OUTRAS INSTITUCIÓNS:

- Revisar o plan de orientación, o plan xeral de atención á diversidade e o plan de acción tutorial, e se é o caso, modificalo \ INICIADO.
- Participar na revisión dos proxectos educativo e curricular do centro \ NON INICIADO.
- Colaborar cos servizos que prestan atención socio-educativa e sanitaria ao noso alumnado, no marco dunha intervención interdisciplinar \ EN PROCESO
- Coordinarse cos departamentos de orientación dos institutos: Salvador de Madariaga e Rafael Dieste.
- Establecer un sistema funcional de arquivo \ ACADADO (arquivo do alumnado e das probas psicopedagóxicas) e INICIADO (bibliografía, lexislación e materiais didácticos).
- Realizar un inventario e clasificación dos recursos materiais didácticos e de diagnóstico do departamento de orientación.
- Colaborar nas actividades complementarias, facilitando e / ou potenciando a

integración do alumnado con NEAE \ ACADADO.

- Manter unha estreita coordinación entre os diferentes integrantes do departamento \ ACADADO.

- **ALUMNADO CON NEAE.**

O alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) é aquel que require, de forma temporal ou permanente, de apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias.

A continuación preséntase a casuística do alumnado con NEAE por orde de incidencia no curso 2011-2012:

1º) Dificultades específicas da aprendizaxe. Adquisición e uso dunha ou varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático.

- Dislalias.
- Trastornos: lectura, escritura, cálculo ou combinación deles.
- Trastorno do Déficit de Atención con ou sen Hiperactividade (TDA – H).
- Dislexia.
- Trastorno da aprendizaxe non verbal.

2º) Condicións persoais ou de historia escolar. Por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados.

3º) Necesidades educativas especiais:

- Síndrome de Down.
- Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento.
- Discapacidade física.
- Discapacidade sensorial.

4º) Altas capacidades intelectuais. O alumno/a manexa e relaciona, de maneira simultánea e eficaz, nun nivel sensiblemente superior á media, recursos cognitivos verbais, numéricos, lóxicos, memorísticos, espaciais e creativos. Considérase talentoso o alumnado que destaca especialmente no manexo dun ou varios destes recursos.

5º) Incorporación tardía ao sistema educativo galego (alumnado estranxeiro)

| NEAE | | | | | |
|--------------|---|--|---|---------------------------------------|-----------------------------|
| CICLO | Dificultades Específicas Aprendizaxe | Condições Persoais Historia Escolar | Necesidades Educativas Especiais | Altas Capacidades Intelectuais | Incorporación Tardía |
| <i>INF</i> | 21 | 10 | 5 | 0 | 0 |
| 1º | 18 | 11 | 3 | 3 | 0 |
| 2º | 18 | 9 | 0 | 0 | 0 |
| 3º | 7 | 14 | 1 | 2 | 1 |
| TOTAL | 64 | 44 | 9 | 5 | 1 |

| ALUMNADO | | | | | |
|-----------------|----------------|--------------------------------------|----------------------------|------------------------------|--------------|
| CICLO | COLEXIO | ORIENTACIÓN DERIV. - EOE - AC | AUDICIÓN E LINGUAXE | PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA | APOIO |
| <i>INF</i> | 211 | 42 4 - 3 - 0 | 16 | 9 | X |
| 1º | 152 | 38 12 - 2 - 0 | 12 | 5 | 12 |
| 2º | 152 | 36 12 - 1 - 1 | 3 | 5 | 7 |
| 3º | 134 | 34 11 - 0 - 4 | 1 | 6 | 9 |
| TOTAL | 649 | 150 39 - 6 - 5 | 32 | 25 | 28 |

- **PROPOSTAS:**

- Realizar un taller de estimulación da linguaxe co alumnado de educación infantil.
- Avaliar a conciencia fonolóxica do alumnado que inicia primeiro de primaria.
- Realizar unha avaliación inicial no departamento de orientación en coordinación co equipo docente, ao alumnado que se incorpore co curso iniciado, antes de incluílo nun aula determinada para analizar as necesidades e previr dificultades.

- **PETICIÓNS:**

- Necesidade de aumentar o persoal do departamento de orientación e persoal coidador.
- Ter a tempo completo a mestra de apoio en base ao alto porcentaxe de alumnado con desfase curricular debido a condicións persoais ou pola súa historia escolar.
- Dividir fisicamente a aula de apoio e pedagogía terapéutica de educación primaria para aumentar a eficacia do traballo das especialistas e favorecer a calidade da atención individualizada do alumnado.

9. OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA

Neste curso renovouse a representación do alumnado no Observatorio da Convivencia. Celebráronse as eleccións resultando elixidos como representantes do alumnado: Paula Conde Fernández (alumna de 6ºA) e Samuel Ramos Varela (alumno de 5ºC) O vindeiro curso procederase a unha renovación xa que Paula remata Primaria, na que votará o alumnado de 5º.

Celebrouse no segundo trimestre a primeira xuntanza do Observatorio da Convivencia na que fíxose unha valoración positiva xa que no primeiro trimestre non houbo incidentes graves entre o alumnado. De todas maneiras unha das normas

establecidas polo Centro para levar a cabo as entradas (pola mañá e ao rematar o recreo) non se acadou coa normalidade necesaria. Nas entradas, ao segundo toque, o alumnado debería permanecer en silencio e subir calados. Malia levar a cabo algunhas sancións, esta norma non se acadou ao longo do curso (maiormente na subida despois do recreo). Deberíamos facer unha autocrítica por parte dos integrantes do Observatorio do incumprimento desta norma e unha valoración da mesma de cara ao vindeiro curso.

Nesta primeira xuntanza analizouse a posibilidade de que os representantes do alumnado (no tempo da lectura) pasaran polas aulas para conversar co alumnado e ver que problemas de convivencia podían ter. Estas reunións non se levaron a cabo polo que sería interesante, de cara ao novo curso, establecer un calendario ao comezo do curso, para facer estas reunións (maiormente co alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria).

No patio -na hora do recreo- nas pistas estableceuse un horario para o seu uso que o alumnado, en xeral, respectou. Na pista superior estableceuse tamén un horario, xa que alí -perante o primeiro trimestre- producíanse situacións conflitivas xa que todos querían xogar nela e o alumnado de maior idade non deixaba xogar aos máis pequenos.

Ao inicio do curso establecéronse unhas normas (os pais e as nais non podían acceder ao patio cuberto nas entradas) incumpridas por unha minoría de pais, que permanecían no patio cuberto observando as entradas. Despois dun novo aviso -xa avanzado o curso escolar- normalizouse a situación sen ningún problema entre os pais/nais e o profesorado do Centro.

Neste curso non houbo que levar a cabo “Protocolos de Resolución de Conflitos” desde a Xefatura de Estudos (un par de casos de pouca gravidade). Os problemas que puideron xurdir solucionáronse polos titores nas aulas. Como no curso pasado apareceron problemas vinculados a Internet e ás Redes Sociais (uso indebido das Redes Sociais e posibles “acosos” e insultos a algún compañeiro/a). O alumnado implicado nestes feitos (uns oitos alumnos) non era consciente da gravidade destes feitos e do perigo que poden ter. Desde a Dirección do Centro citouse aos pais (descoñecedores nalgún caso de que os seus fillos accedían/ou tiñan conta nestas redes sociais) para informarlles da gravidade destes feitos. Co alumnado implicado levouse a cabo un procedemento disciplinario (“realización de tarefas escolares que implicaron unha reflexión das condicións de uso e da política de privacidade das redes sociais”) previa información as súas familias. Aproveitando unha charla do Seprona, falouse por parte dun dos axentes da Garda Civil dos perigos destas redes sociais.

Sería interesante -no vindeiro curso- falar destes temas co alumnado do 2º/3º Ciclo (charlas temáticas impartidas por persoal especializado como pode ser Garda Civil/Policía Nacional...).

O alumnado de etnia xitana continua a presentar altos niveis de absentismo escolar a pesares dos apercibimentos e notificacións realizados pola Dirección ás familias afectadas. Ó longo do curso iniciáronse varios seguimentos de alumnado, tanto pola súa impuntualidade como polas numerosas faltas de asistencia. Notificouse 1 protocolo de absentismo aos Servizos Sociais. No vindeiro curso o profesorado e a Xefatura de Estudos deberá ser máis estrito na apertura dos protocolos de absentismo como garante do dereito do alumnado a recibir educación.

As reclamacións presentadas por escrito ante a Dirección do centro polo sector de Nais/Pais, tiveron relación cos seguintes aspectos do funcionamento do centro escolar:

- 2 Reclamacións polo mal estado das instalacións escolares.
- 1 Reclamación pola carencia de máis persoal auxiliar coidador.
- 1 Reclamación por danos materiais causados fortuitamente.
- 1 Reclamación contra as actuacións do profesorado.
- 1 Reclamación contra as actuacións do Persoal Non Docente.

Houbo dúas reclamacións presentadas entre o profesorado do centro por causas relacionadas co desenvolvemento das actividades escolares.

Tamén houbo unha reclamación presentada polo profesorado do centro ante a Dirección por aspectos relacionados coa organización de actividades complementarias.

| RESUMO CASUÍSTICA | |
|---------------------------------------|-----------|
| Sectores Implicados | Casos |
| Dirección → Alumnado | 8 |
| Dirección → Nais/Pais (Absentismo) | 1 |
| Nais/Pais → Dirección | 6 |
| Profesorado → Profesorado | 2 |
| Profesorado → Dirección | 1 |
| TOTAL | 18 |

A valoración que podemos facer da convivencia no CEIP Emilia Pardo Bazán é

positiva, de todas maneiras (cara o novo curso) debemos dinamizar o Observatorio da Convivencia (procurando que o alumnado teña máis participación ao longo do curso).

10. MEMORIA DE BIBLIOTECA

10.1.- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA

A Comisión da Biblioteca estivo formada durante este curso por trece profesores/as.

Adquisición, xestión e organización de novos fondos:

Adquirimos novos documentos, tanto de información como de ficción, e tanto en soporte de papel como audiovisual ou informático. Dos fondos adquiridos catalogamos algo máis de 300 documentos.

“Programa MEIGA”: Seguimos a empregar o programa “Meiga” de xestión bibliotecaria, para catalogar os novos documentos. Continuamos tamén durante este curso introducindo os códigos de barras que non estaban antes do volcado ao programa Meiga dende o programa informático anterior e que aínda non rematamos debido á gran cantidade de documentos da nosa B.E. De paso, seguimos completando estes rexistros bibliográficos máis antigos, introducindo a ubicación dos libros, a sección, as materias, etc. En definitiva, mellorando o noso catálogo. Tamén estanse a catalogar os fondos que estaban nas Aulas de Música para ter un mellor control deles.

Proseguimos tamén este curso introducindo as portadas dos documentos no catálogo en Internet. É unha tarefa laboriosa pero pensamos que compensa o traballo, xa que axúdanos a nós a localizar con máis facilidade o documento e tamén aos alumnos, e dá unha visión máis completa.

Préstamos:

Preparamos os novos carnés de lector para o alumnado e profesorado que chega por primeira vez ao Centro e tamén para os que o perderon.

Continuamos coa mesma política de préstamos que seguimos ata agora. A primeiros de outubro abriuse a Sala e a partir de entón mantívose aberta durante toda a xornada escolar (de 9 a 14 h.) e pola tarde, de 16 a 18 h. (agás o luns) atendida polo profesorado de garda. Efectuáronse préstamos durante o recreo e pola tarde; tamén os titores prestaron ás súas titorías.

Realizáronse case 2500 préstamos.

Adquisición dun novo ordenador para a xestión da Biblioteca. Durante o mes de

xaneiro orixináronse moitos problemas na xestión informática dos préstamos pois desde que pasamos o programa ao ordenador novo, de xeito aleatorio rexistraba uns datos sí e outros non. Tivemos que chamar ao administrador de MEIGA para que nos instalara de novo a aplicación.

10.2.-DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS. INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

- DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS

- Exposicións temáticas:

- Exposición de Novidades de Outono, coa que abrimos a B.E. no mes de outubro.
- Exposición sobre o Medo, que sempre ten moi boa acollida por parte do alumnado.
 - **Exposición de Nadal**, no mes de decembro.
 - **Exposición de Novidades de Inverno**, a partir do mes de xaneiro.
 - **Exposición dedicada ás Olimpíadas.**
 - **Exposición de Novidades de Primavera.**

- Encontros con autores:

- Encontro do alumnado do 1º Ciclo con **María Menéndez-Ponte**, a creadora de Pupi, o personaxe protagonista dos libros de texto do Ciclo e de outros moitos contos.
- O alumnado de 2º, despois de ler o libro “Juana sin miedo”, mantivo un encontro coa súa autora **Ana Alonso**.
- Encontro do alumnado de 4º coa autora **Fina Casalderrey**, tras ler o seu libro “Un misterio na mochila de Alba”.
- Encontro do alumnado de 5º e 6º con **Alfredo Gómez Cerdá**.
- Encontro do alumnado de 5º e 6º con **Anxo Fariña**.

➤ **Uso da Sala da B.E. como centro de recursos multimedia:**

- Uso do canón de vídeo para presentar unidades temáticas, visionar películas, fotos, ilustracións,...
- Utilización dos ordenadores e uso de internet.
- Consulta do catálogo da B.E. en internet.

➤ **Materiais producidos:**

▪ **Guías:**

Entregáronse dúas guías de lectura para o alumnado e o profesorado, unha antes das vacacións de Nadal e outra antes das vacacións de verán .

▪ **Revista dixital:**

Participación na revista dixital do Centro coa elaboración de varios artigos:

- Lecturas para o Nadal
- Lecturas para o verán
- Diplomas “Leóns Dourados” 2011

- **Diplomas “Leóns Dourados”:**

Tamén elaboramos os Diplomas para os “Leóns Dourados”, que se entregan a aqueles alumnos /as que se distinguen pola súa participación lectora na B.E.

Neste curso, como empezamos a facer o curso pasado, entregamos dous por ciclo en vez de un, como facíamos nos cursos anteriores.

Nun acto ao fin de curso dáselles un agasallo como premio aos máis lectores da B.E., xunto co diploma.

- INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

- Realizáronse préstamos ás aulas de documentos relacionados con temas do currículo.
- Utilizouse a B.E. para facer as buscas de información que necesitou o alumnado, de cara a desenvolver as súas competencias lectoras, escritoras e das TIC.

10.3.- FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL

Realizáronse visitas á B.E. do alumnado (especialmente dos primeiros niveis) acompañados dos seus titores/as de cara a que vaian coñecendo o espazo físico, a organización dos documentos, e os servizos que ofrece.

Utilizouse así mesmo a B.E. para realizar buscas de información e investigación, sobre todo na área de Coñecemento do Medio.

10.4.- FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

Continuamos co “Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida” e colaboramos na elaboración do Plan Anual de Lectura.

(Ver Memoria do Plan Anual de Lectura)

11. MEMORIA DA COMISIÓN TIC

VALORACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Os obxectivos establecidos na PXA 2011-2012 que facían referencia á adquisición de equipamento informático para renovar ou incrementar a dotación TIC do centro non se puido realizar debido á precariedade de recursos orzamentarios.

O esforzo orzamentario fíxose na instalación de encerados dixitais interactivos, videoproxectores e cableados necesarios para o funcionamento das aulas dixitais nas 6 aulas do 2º ciclo de educación primaria.

O funcionamento da Comisión TIC durante o presente curso escolar veuse notablemente afectada pola ausencia por enfermidade da súa coordinadora.

O desenvolvemento do PFAC Abalar abarcou case a totalidade do curso escolar e o profesorado participante elaborou numerosos recursos didácticos para integralos no curriculum das diferentes áreas. As temáticas traballadas foron as seguintes:

1. Coñecemento e uso das ferramentas dunha aula Abalar.
2. A rede do centro e aplicacións (servidor de contidos, aulas virtuais, a web

do centro,...)

3. Xestión de información.
4. Xestión documental.
5. Internet como fonte de recursos.
6. Internet como medio de difundir e compartir recursos.
7. EDI. Uso e elaboración de recursos didácticos para o emprego na aula.
8. Metodoloxías e estratexias a empregar coas TICs.
9. O tratamento da información e a competencia dixital.
10. Búsqueda selección e reutilización de recursos e información.
11. Emprego de contidos dixitais educativos do espazo Abalar e outros repositorios e uso de ferramentas de autor.

ACTIVIDADES DESENVOLTAS NO EIDO DAS TIC

* Actividades conxuntas internivelares no 2º Ciclo de E. Primaria empregando as TIC nas áreas curriculares.

* Continuación do Seminario sobre a Revista Dixital en-liña na que se publicaron un total de 60 artigos sobre a vida escolar do noso centro.

* Incrementouse o número de artigos publicados na web oficial do centro, incorporándose máis profesorado na publicación de novos contidos didácticos

* Aproveitamento dos recursos TIC instalados nas aulas do 1º/2º ciclos de educación primaria mediante o emprego dos recursos dixitais de cada área curricular.

* O profesorado de inglés continuou coa publicación de contidos dixitais creados polo alumnado nos diferentes blogs. Tamén realizou unha actividade dixital (LIM) sobre os Xogos Olímpicos.

* O profesorado do 3º ciclo de EP fixo unha escolla de materias didácticos en-liña para uso nas diferentes áreas curriculares, publicando na web do centro dos enlaces clasificados por áreas curriculares.

* O profesorado de educación relixiosa (católica e evanxélica) creou sendos blogs de área para a difusión dos contidos propios de cada unha delas.

* No marco da educación musical e da educación física o profesorado elaborou un recurso dixital sobre os Xéneros musicais do século XX.

* En educación infantil creáronse diversas actividades (LIM/Notebook) para

empregar no EDI a partires do conto “Unha parella diferente”.

* Mediante a colaboración do profesorado especialista en AL, PT e titores/as do 1º e 2º ciclos de EP creáronse variados recursos didácticos para o seu uso no EDI.

* Realizáronse actividades divulgativas para os membros da comisión TIC no coñecemento e utilización de aplicacións informáticas sinxelas.

* Completouse a retirada definitiva da Aula de Internet Municipal.

Podemos considerar que a participación do 54 % profesorado do centro no PFAC Abalar está a producir cambios significativos no emprego das TIC no noso centro. A modernización das aulas, onde cada vez é máis habitual atopar encerados dixitais, vídeo-proxectores, ordenadores portátiles e de sobremesa, que día a día son empregados por docentes e discentes de forma natural está cambiando o panorama didáctico do centro. Por outra parte a produción de materiais didácticos elaborados polo profesorado do centro permitirá adaptar os contidos dixitais ás necesidades de cada usuario.

12. MEMORIA EACE

En base ós obxectivos propostos para a PXA ó inicio do curso escolar 2011-2012 que estamos a rematar, consideramos que se alcanzaron os obxectivos propostos.

1- Utilizamos as actividades propostas por este Equipo co fin de fomentar a formación integral e a participación conxunta dos alumnos deste centro. Para iso realizáronse as seguintes actividades:

a- Festa de inicio de curso.

En educación Infantil tiveron unha sesión de contacontos.

En educación Primaria organizamos unha serie de xogos no patio do colexio despois da hora do recreo.

b- Festa do Magosto

Organizouse o asado das castañas para todo o colexio. Levou unha castañeira as castañas para os nenos de E Infantil para o seu patio, onde se organizaron xogos para eles.

Os nenos de E. Primaria baixaron en dúas quendas para comer as castañas e participar nunha serie de xogos alusivos ao tema deste día.

O lema elixido este curso foi **“Un outono cheo de castañas”**.

Xunto co EDL elaboramos o mural da entrada do colexio coas

aportacións de todos os nenos do centro.

Tamén organizamos unha exposición de broches e animais feitos con castañas para todo o colexio e recompilamos receitas de comidas feitas con castañas..

c- Festa do Nadal

Organizamos unha mostra de cancións de Nadal e xunto co EDL recuperamos a figura do “**apalpador**” que colocamos no mural da entrada do colexio e repartimos a historia deste personaxe a todos os nenos.

d- Día da Paz

O lema elixido este curso foi “***Non hai camiño para a Paz, a Paz é o camiño***”.

Elaboramos un mural coas aportacións de todas as clases. Os alumnos de E.I. fixeron un crebacabezas que levaron ao patio onde os alumnos de E Primaria leron frases alusivas ao tema, para finalizar cantando todos xuntos a canción de Antonio Flores “No dudaría”.

e- Entroido

Organizamos a semana do Entroido co lema elixido: “***Os xogos olímpicos***”.

Adornamos o colexio con pósters e fotografías alusivas a este tema.

Cada nivel disfrazouse segundo o deporte elixido, agás os alumnos e profesores do 5º nivel que o fixeron de gregos en alusión á orixe dos xogos. Tamén tivemos unha mostra de cancións de Entroido.

Rematamos coa degustación de produtos típicos destas datas, para o que contamos coa colaboración da ANPA.

f- Letras Galegas

Este equipo ofreceuse para colaborar co EDL na organización do festival do Día das Letras Galegas.

g- Festa Fin de Curso

Para estas datas houbo actuacións dos distintos grupos de teatro que hai no colexio, tanto para todo o alumnado coma para os país dos nenos/as que actúan.

Rematamos cunha mostra de algunhas das coreografías que o alumnado dos ciclos superiores preparou para as clases de Educación

musical.

h- Sesións de cine

Como o ano pasado organizamos unhas sesións de cine para todo o alumnado do colexio, este ano tratamos as bandas sonoras e para os nenos máis pequenos iniciamos as sesións cun pequeno conto.

Ademais, este equipo tratou de colaborar sempre en todas aquelas actividades para as que así llo demandaron.

12.1. MEMORIA DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Como en cursos anteriores a maioría das actividades extra-escolares centráronse no Programa do Concello “Aprender en Coruña”. Os distintos ciclos participaron nas seguintes programas:

-”Descubrir a música”. (Concertos Didácticos) O alumnado de 5º e 6º de Educación Infantil así como todo o alumnado de Primaria (agás 4º nivel) participaron nos concertos que promove o Departamento Didáctico da Orquesta Sinfónica de Galicia”.

-”Descubrir o teatro”. (Mostra de Teatro Escolar) Participa nesta actividade o alumnado de Educación Primaria (agás 4º nivel).

-”Descubrir Coruña”. O programa municipal “descubrir Coruña” conta de tres apartados:

a)”Visitas e Itinerarios”: participa o Primeiro Ciclo, o 3º nivel e 5º nivel de Primaria. Este ano visitamos o Museo de Belas Artes , Fundación María José Jove así como o Castro de Elviña.

b) “Rutas Urbanas Animadas”: participa o alumnado do Primeiro Ciclo e o terceiro nivel de Primaria con visitas a lugares emblemáticos da cidade (Os Cantóns, Praza de María Pita..)

c)”A radio en ruta”: este programa vai dirixido ao alumnado do 6º nivel, que participa desde xa fai moitos anos.

-”Medio Ambiente”: Obradoiros no Colexio e visita a Cecebre e a Telva polo alumnado do 5º nivel.

-”Programa do IMCE de Teatro nos Centros Escolares”: Representación dunha obra teatral para o alumnado de Educación Infantil (o grupo: Teatro do Andamio)

-”Programa Semente: Unha empresa na miña escola”: o alumnado de relixión

(católica e evanxélica) do 3º ciclo participou neste proxecto de creación de cooperativas escolares nas aulas. Este mesmo alumnado visitou a Residencia Padre Rubinos e levou a cabo un proxecto solidario de recollida de alimentos para dita Residencia.

A participación do Colexio nos programas de “Aprender en Coruña” foi importante (aínda que menor que noutros cursos, xa que considerouse interesante a realización de visitas máis novedosas como visitar unha granxa escola, o zoo de Marcelle...)

O alumnado do 4º nivel de Primaria participou na Escola de Cerámica que todos os anos celébrase nas instalacións de Cerámicas do Castro, así como a visita a unha Granxa Escola (relacionada co traballo no Horto Escolar).

Ademais destas visitas fixéronse algunhas máis que foron xurdindo ao longo do curso: visita ao Centro Cultural Ágora polo alumnado do 6º nivel (sesións de reanimación respiratoria), ao Teatro Colón polo alumnado do 3º ciclo (representación de ballet)...

Como saídas de fin de curso: o alumnado de Educación Infantil levou a cabo unha visita ao zoo de Marcelle, o alumnado de 4º de Primaria visitou unha granxa escola, o alumnado de 5º de Primaria foi a Santiago (visita ao Parlamento Galego e á Catedral). O alumnado do 6º nivel levou a cabo a viaxe de Fin da Primaria ás Fragas do Eume e ó Albergue de ecoturismo de “Alvarella”

A Convivencia do fin de curso do Primeiro Ciclo e do 3º nivel en Gandarío non se puido realizar polo tempo adverso.

13. MEMORIA DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

13.1. TRANSPORTE ESCOLAR

Durante este curso utilizaron o servizo de transporte escolar da Consellería de Educación e O. U. Un total de 18 alumnos/as de O Portiño.

13.2. SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR E PROGRAMA DE MADRUGADORES

Un ano máis a empresa Eurest, gracias ó convenio que mantén coa Federación de Anpas e o Concello, é a encargada de prestar o servizo de almorzos e tamén de comedor, xestionando os menús e o persoal. Os dous servizos supoñen un apoio importante á conciliación familiar e laboral de arredor dun 40% das familias dos nenos que acode ó centro.

O servizo préstase en dous espazos diferenciados para nenos de infantil e de primaria.

13.2.1. PROGRAMA DE MADRUGADORES

O Concello subvenciona unha parte do custe deste servizo, afectando o importe mensual que paga cada familia.

Durante este curso utilizaron este servizo un total de 116 nenos (producíndose 1 baixa o longo do curso), un 35% pertencentes a educación infantil. Os nenos estiveron atendidos por 3 monitoras, facendo unha delas funcións de camareira.

As modalidades ofertadas foron: fixo mensual con e sen almorzo, esporádico (días soltos) e a tornos (dúas semanas ó mes). Os nenos que utilizaron o servizo nestas modalidades, no mesmo orde sinalado foron: 35, 33, 46 e 2. Así que principalmente se demanda o servizo mensual con ou sen almorzo, hai unha alta porcentaxe de esporádicos e a modalidade a tornos, anteriormente demandada polas familias, foi utilizada só en tres casos.

Distribución por anos de nacemento:

| | INFANTIL | | | PRIMARIA | | | | | |
|---------------|-----------|------|------|-----------|------|------|------|------|------|
| Ano nac. | 2008 | 2007 | 2006 | 2005 | 2004 | 2003 | 2002 | 2001 | 2000 |
| Usuarios | 16 | 20 | 15 | 13 | 14 | 15 | 12 | 9 | 5 |
| TOTAIS | 51 | | | 68 | | | | | |

13.2.2. PROGRAMA DE COMEDOR

A Xunta, ata o de agora, subvencionou unha parte deste servizo no curso escolar seguinte ó que se recibe.

O total de comensais ó longo do ano foi de 241, un 42% de educación infantil e un 58% de educación primaria. O servizo ofrece tres opcións: fixo mensual (126 usuarios), fixo discontinuo (54 usuarios) e esporádico (60 usuarios). A media de comensais diarios foi de 160. O persoal dividiuse entre os dous espazos do seguinte xeito: 3 monitoras e 2 camareira (una de estas realizando funcións de monitora no patio despois de comer) para o grupo de infantil e 3 monitoras e 2 camareiras para o grupo de primaria.

Distribución por anos de nacemento:

| | INFANTIL | | | PRIMARIA | | | | | | |
|---------------|------------|------|------|------------|------|------|------|------|------|------|
| Ano nac. | 2008 | 2007 | 2006 | 2005 | 2004 | 2003 | 2002 | 2001 | 2000 | 1999 |
| Usuarios | 29 | 38 | 42 | 27 | 40 | 28 | 17 | 23 | 5 | 3 |
| TOTAIS | 109 | | | 143 | | | | | | |

Valoración do servizo:

A entrega dos nenos ás súas familias realizouse pola porta principal do edificio de educación primaria, entrando os nenos para actividades extra-escolares pola porta do patio cuberto. O horario de entrega foi respectado estritamente, manténdose a porta pechada ata ese momento. Sen embargo, ante a demanda realizada por un grupo significativo de familias de adiantar o horario de recollida, no mes de febreiro, e coa previa aprobación en Consello Escolar, estableceuse outra quenda de entrega de 15:25 a 15:30 horas. Todos aqueles que quixeran recoller ós seus fillos neste horario tiñan que solicitalo expresamente e cumprir escrupulosamente con ese horario, co fin de non interromper a actividade e necesidades de atención do resto do grupo. Con salvedades puntuais, foron respectuosos con esta esixencia.

A responsable do equipo no centro prestou atención ás familias dúas horas por semana (unha de mañá e outra de tarde) para realizar altas, baixas e modificacións e atender as demandas que se puideran producir.

Non houbo queixas significativas respecto á temperatura, cantidade e calidade da comida nin á xestión das dietas especiais. A xestión de baixas foi habitualmente correcta..

14. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES XESTIONADAS POLO ANPA MILNEN@S

O longo deste curso participaron un total de 350 alumnos en distintas actividades que agora comentamos.

14.1. ACTIVIDADES CREATIVAS

Continuamos co programa de actividades extra-escolares ofertado pola empresa de tempo libre (AXIÑA, S.L.). Na táboa reflíctense os horarios e o número de nenos por actividade.

| | | | | | | | | | | |
|--|------|--|--------|--|----------|--|-------|--|--------|--|
| | LUNS | | MARTES | | MÉRCORES | | XOVES | | VENRES | |
|--|------|--|--------|--|----------|--|-------|--|--------|--|

| | | | | | | | | | | |
|-------------------|--------|----|---------------------------|----|--------|----|---------------------------|----|--------|----|
| De 4 a 5 | Judo | 26 | Debuxo- Pintura | 10 | Judo | 26 | Debuxo- Pintura | 10 | Cociña | 18 |
| | Teatro | 24 | Manualidades Reciclaxe | 11 | Teatro | 24 | Manualidades Reciclaxe | 11 | | |
| De 5 a 6 | Judo | 20 | Manualidades Reciclaxe | 14 | Judo | 20 | Manualidades Reciclaxe | 14 | | |
| | Teatro | 20 | | | Teatro | 20 | | | | |

Os totais por actividade foron:

| Actividade | Total nenos |
|--------------------------|-------------|
| Judo | 46 |
| Teatro | 34 |
| Dibuxo e pintura | 10 |
| Manualidades/Reciclaxe | 14 |
| Cociña | 18 |
| TOTAL ACTIVIDADES | 122 |

Con algunhas altas e baixas, mantívose a matrícula ó longo do ano. A proposta inicial diferenciaba por idades as actividades de judo e teatro pero dada a escasa matriculación de nenos maiores de 8 anos establecéronse os grupos de forma algo máis heteroxénea, atendendo máis ás solicitudes por horarios que por idades. Igualmente, atendendo á experiencia do curso anterior, propúxose inicialmente unha hora de debuxo e outra de manualidades. Unha vez realizada a matrícula configurouse un só grupo de cada actividade, un de 4 a 5: Debuxo e outro de 5 a 6: Manualidades e reciclaxe. Aumentou de novo a matrícula na actividade de cociña.

En xeral en tódalas actividades, se obtivo unha valoración positiva na súa acollida, desenvolvemento e resultados. Podemos resumir a consecución de obxectivos do programa do seguinte xeito:

- Proporcionar satisfacción persoal.
- Despertar creatividade, participación, iniciativa e imaxinación.
- Desenvolver habilidades ou técnicas propias de cada actividade (expresión e dominio corporal, motricidade fina, aprendizaxe normas, hábitos hixiénicos)

relacionados coa comida,...).

- Socializar e educar en valores: desenvolver habilidades para a interacción cos demais, o respecto, a convivencia, tolerancia, o valor do esforzo e a mellora, o orde e a organización, etc.

En judo fixéronse dous exames de pase de cinturón (de branco a branco-amarelo e de branco-amarelo a amarelo) e tamén se participou no Trofeo Miguelito. Fixéronse actuacións de teatro en Nadal e Antroido e unha última fin de curso.

As dificultades atopadas gardan relación principalmente cos espazos dispoñibles para a realización das actividades:

- Aulas non adaptadas
 - Falta escenario, esperamos correxilo de cara o ano próximo xa que Judo e Ximnasia Rítmica trasládanse a Polideportiva.
 - Mobiliario non axeitado: hai que moverlo para realizar determinadas dinámicas de teatro, as cadeiras e mesas eran moi altas para os nenos de infantil na actividade de debuxo e pintura.
 - Non podían deixar material de debuxo a secar por falta de espazos.
- Subir ó 1º, 2º e 3º andar a nenos de educación infantil. Ademais das dificultades cos conseguintes riscos supoñía significativas perdas de tempo.

14.2. ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Finalmente este curso puidemos empezar desde o principio as actividades deportivas no pavillón adscrito ó colexio. Isto supuxo unha mellora na calidade das instalacións, e un aforro en tempo de desprazamentos para as familias. Dispuxemos incluso de máis horas porque se puideron manter algunhas das solicitadas previamente no pavillón de “Cocheras” como en anos anteriores.

Os deportes ofertados pola ANPA durante este curso foron: fútbol-sala, baloncesto, ximnasia rítmica e judo (comentada no apartado anterior debido a que é xestionada pola empresa Axiña). A xestión destas actividades estivo baseada na contratación de servizos:

coa empresa *Tempo* no caso de ximnasia e mediante convenio de colaboración co *Clube Deportivo Los Rosales*. Este clube asumiu a xestión completa das actividades de fútbol-sala e baloncesto. A maiores formouse a proposta do Club Atlantico Coruña de Hockey, un novo grupo de Hockey sala, que comezou xa avanzado o curso o que conlevou una baixa matrícula, a pesar do cal tivo un relativo éxito e una gran valoración por parte dos pais dos nenos que asistiron a esta actividade. No calendario figura o número de nenos por actividade.

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|--------------------------|---------------------|-----------------------|-------------------------|--------------------|----------------------------|
| De 16.00 a 17.00 h | Fútbol Benxamín | Iniciación Fútbol* | Mini Basket Benxamín | Fútbol Benxamín | Mini Basket Benxamín |
| | 23 | 36 | 22 | 23 | 22 |
| | Judo | Ximnasia | Judo | Ximnasia | |
| | 24 | 16 | 24 | 16 | |
| De 17.00 a 18.00 h | Fútbol Alevín | Pre Minibasket | Mini Basket Alevín | Fútbol Alevín | Mini Basket Alevín |
| | 11 | 22 | 23 | 11 | 23 |
| | Judo | Ximnasia | Judo | Ximnasia | |
| | 46 | 24 | 46 | 24 | |
| | Xogos Deportivos | Predeporte | Xogos Deportivos | Predeporte | |
| | 22 | | 22 | | |

*Ampliouse o horario de adestramento como se explica máis adiante.

XIMNASIA RÍTMICA.- Este curso formáronse dous grupos de ximnasia rítmica. Mantívose aproximadamente a matrícula do ano anterior. Hai disparidade de opinións por parte das familias respecto ó funcionamento da actividade xa que mentres algúns pensan que o profesor era moi esixente outras non quedan moi satisfeitas co resultado. Aínda así, non houbo baixas ó longo do curso.

FÚTBOL-SALA E BALONCESTO.- A oferta de entrenamentos inicial ampliouse debido á grande acollida que tivo e á dispoñibilidade do Pavillón Polideportivo de Labañou (Cocheras). Adestrouse a maiores os luns de 16.00 a 17.45 Iniciación 2004 e os martes de 16:00 a 17:00 Baloncesto Alevin Femenino.

Aínda que a filosofía do Clube non prioriza a competición, considérase esta como unha parte máis da formación integral, tanto no ámbito deportivo como non persoal, aportando motivación, necesidade de compromiso cunhas normas, co grupo e convivir con distintos equipos. Así, ademais de partidos amistosos organizados polo Clube, os equipos participaron nas seguintes competicións:

Fútbol-sala

| | XXX Trofeo Calasanz de Fútbol-sala. | Liga da Federación Coruñesa de Fútbol-sala | Copa da Federación Coruñesa de Fútbol-sala |
|---------------|--|---|---|
| E.P.B. 2004 A | x | - | - |
| E.P.B. 2004 B | x | - | - |
| E.P.B. 2005 A | x | - | - |
| | | - | - |
| Benxamín | x | 2 equipos | x |
| Alevín | | x | x |

Baloncesto

Este ano ante a gran demanda formouse un equipo de Baloncesto Alevín Feminino, con gran éxito, e un comportamento sobresaliente por parte das participantes.

| | Torneo Caixanova 3x3 | Liga Federación Coruñesa de Baloncesto |
|--------------------|-----------------------------|---|
| Preminibasket A | x | |
| Preminibasket B | x | |
| Benxamín E.P.B. A | | x |
| Alevín Fem. E.P.B. | | x |
| Alevín E.P.B. | | x |

Do grupo de Benxamín federáronse un total de 22 nenos e no grupo de Alevín foron 24.

Temos que destacar a alta participación de nenas en tódalas categorías.

Tanto en fútbol-sala como en baloncesto hai que recoñecer a asistencia e implicación dos participantes, así como o seu bo comportamento tanto nos adestramentos como nas competicións.

Natación

Este curso continuamos co Programa Municipal de Natación Escolar no que participaron un total de 35 nenos de 2º Ciclo de Primaria tódolos xoves de 17.00 a 18.00 horas.

Programa deporte no centro

Mantívose este programa dependente do Servizo Municipal de Educación con dous grupos: Xogos deportivos: nº (Educación Infantil) e Pre-deporte: 18, non chegando o número mínimo de participantes para crear o grupo de Xogos Deportivos..

15. SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS

15.1. Actuacións realizadas polo Concello

1. Instalación de paneis de cortiza (aula de inglés e panel informativo en Secretaría).
2. Arranxar fechadura da porta de acceso ao Polideportivo Municipal.
3. Arranxar fechadura da porta de corredeira de acceso ao recinto escolar do edificio de educación infantil.
4. Reposición urxente de taboleiro de madeira nun xogo de educación infantil.
5. Acondicionamento dun barra de metal ou ferro pintado na zona de xogos infantís por presentar oxidación.
6. Reposición dun valado de ferro no patio de xogos de educación infantil por presentar aristas cortantes e forte oxidación.#
7. Arranxar canalón de pluviais do patio de educación infantil.
8. Eliminación dun arbusto seco na zona de xogos do patio de educación infantil.#
9. Reposición dunha arqueta de pluviais no patio.
- 10.Reposición de malla perimetral na zona interior das pistas polideportivas exteriores por presentar aramios soltos e zonas cheas de buratos.
- 11.Soldar ou poñer anclaxes de suxeición da malla por presentar zonas soltas.
12. Limpar de herbas tódalas arquetas ou sumidoiros que circundan as pistas

polideportivas inferiores.

13. Arranxar unha cisterna do servizo de alumnos do 2º andar de EP.

14. Arranxar 3 persianas nas aulas do edificio de educación infantil: EI3A, EI3B, EI4B

15. Arranxar fluorescentes na aula de EP4ºA

Solucionar ausencia de iluminación en tódalas dependencias do almacén de educación infantil.

16. Reposición de tubos fluorescentes nos baños de profesorado e de alumnas do 2º andar de EP.

17. Reposicións de porta de madeira de acceso ao almacén de xogos infantil de EP por estar apolillada.

18. Arranxar porta de madeira de acceso ao almacén do persoal de limpeza en EP por rozamento contra o chan dificultando a súa apertura.

19. Reposición de 4 azulexos nas aulas de EP1ºB, EP2ºB, EP6ºC.

20. Arranxar fondos caixóns armarios empotrados da aula de EP2ºB.

21. Arranxar taboleiros de madeira do alféizar das ventás da aula de Audición e Linguaxe no 3º andar.

22. Arranxar luminaria exterior situada no tellado do edificio de educación primaria.

23. Arranxar persiana na aula de EP3ºB

24. Substitución dun cristal roto na aula de apoio de educación infantil.

25. Arranxar caixa de conexións telefónicas situada ó carón do valado de educación infantil, por caída da porta da caixa polo temporal.

26. Arranxar fuga de auga no baño de nenos do 1º andar de educación primaria.

27. Arranxar fechadura exterior da porta de corredeira de acceso ao recinto de educación infantil.

28. Enviar persoal técnico para o cebado dos radiadores do edificio de educación infantil.

29. Enviar persoal de xardinería para efectuar a eliminación de herbas e arbustos dos taludes que van cara as pistas inferiores.

30. Arranxar 2 radiadores da aula de EI4ºB por non funcionar. Pode que precisen ser

purgados.

31. Reposición 5 fluorescentes.

32. Reposición tapa WC servizo de profesorado no 1º andar do edificio de EP.

33. Reposición goma da cisterna do servizo de nenas do patio cuberto.

34. Arranxar a fechadura, con sistema de apertura automática, da porta de acceso ó edificio principal de educación primaria que impide o seu peche.

35. Reposición de 27 tubos fluorescentes (14 en EI / 13 en EP). Revisar outros 6 que fan ruído.

36. Arranxar 1 persiana na aula de EI6ºC.

37. Arranxar 1 colgador-percha na aula de EI6ºC.

38. Reposición de gomas e selado das mesmas nos baños do 1º-2º andar de EI.

39. Arranxar 1 cisterna nas duchas do patio cuberto de EP.

40. Arranxar 1 cisterna e repoñer gomas nos servizos de nenos e de profesorado.

41. Reposición de 10 bombillas nos aseos de nenos/nenas do 2º-3º andar

42. Arranxar e repoñer tellas na cuberta do edificio de educación primaria, así como eliminar o manto vexetal existente.

43. Substitución de 20 reguladores e 20 latiguillos das cisternas dos aseos do edificio de educación infantil.

44. Arranxo ou substitución dun limitador eléctrico da aula de informática. O mal funcionamento provoca a desconexión de varias tomas de enchufes.

45. Reposición 3 tapas WC servizos hixiénicos de alumnado e profesorado.

46. Arranxar 2 cisternas servizos hixiénicos alumnado e profesorado.

47. Arranxar fechadura eléctrica da porta metálica de acceso ao centro (edificio principal) desde a rúa. As veces parece pechada e permanece aberta.

48. Eliminación de roedores nas zonas axardinadas e na horta escolar.

49. Instalación dun panel de malla tipo Hércules na parte superior das portas de acceso ao polideportivo municipal para evitar a entrada de persoas non autorizadas ao recinto escolar.

50. Reposición tubos fluorescentes EI (2), EP (10).
51. Arranxar fechadura porta pequena acceso recinto educación infantil.
52. Arranxar estrutura de cemento da cheminea de ventilación da caldeira do edificio de educación infantil.
53. Arranxar pechamento de cemento preto da porta corredeira de entrada en educación infantil.
54. Reposición 2 pantallas porta tubos fluorescentes na aula de Apoio/PT en educación primaria.
55. Revisión do portal de entrada ao edificio de primaria por presentar problemas de pechamento. Sistema eléctrico. #
56. Reposición de tapas en arquetas de saneamento e/ou de sistemas de conducción situados no patio exterior.
57. Reposición 1 metro cadrado de malla plastificada en zonas anexas ao patio cuberto.
58. Arranxar asentamento do sumidoiro de pluviais situado diante da porta de acceso ao patio de infantil.
59. Eliminación de formigas na aula de educación infantil 4ºB que acceden desde o exterior do edificio ó través de fendas nas paredes.
60. Arranxar cisterna no servizo de alumnos do 1º andar de educación primaria.
61. Reposición de 2 pantallas máis dos correspondentes tubos fluorescentes da aula de apoio de educación primaria.
62. Arranxar barrotes verticais de suxeición das portas de aluminio de acceso ao patio cuberto de educación primaria.
63. Arranxar 2 cisternas servizos nenas 1º andar edificio primaria que causaron inundación durante a fin de semana no SUM, local ANPA e cadro eléctrico traspasando a placa.
64. Arranxar fugas de auga das cisternas dos servizos de nenas do 1º/2º andar EP.
65. Arranxar fuga de auga dun urinario do servizo de nenos 2º andar EP.
66. Arranxar chave de paso do bidé do servizo de profesoras na zona administrativa.
67. Arranxar cisterna servizo de nenas na planta baixa en educación infantil.

68. Arranxar chave de paso de auga no WC situado na caixa de curas do edificio de EP e nun lavabo de nenos do 1º andar de educación infantil.

69. Arranxar cisterna servizos de nenos do 3º andar do edificio de EP.

70. Arranxar sistemas de izado e arriado de bandeiras oficiais para permitir o cambio manual das bandeiras.

15.2. Actuacións realizadas pola Consellería de Educación e O. U.

Relación de equipamento e mobiliario recibido:

- 2 Armarios móbiles con 17 gavetas.
- 6 Mesas rectangulares con cadeiras.
- 2 Mesas de profesor con sillón M-14.
- 2 Encerados de preescolar.
- 2 Encerados P-1 .
- 3 Pantallas de proxección 1,8 X 1,8 M.
- 2 Estanterías abertas a unha cara.
- 2 Estanterías abertas a unha cara.
- 1 Monitor TFT/LCD.
- 1 Servidor de intranet.
- 1 Armario rak para aloxamento dos switch de acceso á rede.
- Equipamento completo para 3 Aulas Abalar.

Obras e actuacións realizadas:

- Recuperación da pista superior e pintado das liñas da pista.
- Instalación da wifi nas 3 Aulas Abalar de 6º EP.

Quedan pendentes de solucionar as seguintes necesidades:

A necesidade máis urxente de reparación é a eliminación das aristas e das fendas no material vitrificado do edificio de educación primaria por ter causados

numerosos incidentes entre os usuarios do centro.

A nivel xeral do centro a limpeza de cristais e persianas é totalmente insuficiente.

EN EDUCACIÓN INFANTIL

- Construción dun novo edificio adaptado ás necesidades do centro.
- Instalación dun pasamans nos corredores e escaleiras do edificio adaptados ás alturas do alumnado.
- Instalación dun sistema de iluminación exterior.
- Reposición do teped na zona de xogos de educación infantil.

EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- Reforma de servizos de profesorado e alumnado nas catro plantas
- Insonorización da aula de música e de A.L.
- Subdivisión do espazo de secretaría/administración para crear un novo despacho e apertura dunha ventá ao corredor para á atención ó público.
- Subdivisión da aula de apoio e compensatoria do edificio de educación primaria.
- Portas de seguridade anti-incendios.
- Acondicionamento do camiño de acceso ata o polideportivo municipal.
- Eliminación das fendas existentes en diversas dependencias do edificio de primaria.
- Resolución da problemática causada pola aparición de fendas nos paramentos vitrificados de todo o edificio de educación primaria tanto no interior como no exterior.

Necesidades de equipamento:

- Dotación de ordenadores nas aulas de ERE.
- Renovación dos ordenadores de sobremesa da Aula de Informática compartida co CFR A Coruña.

16. LIBROS DE TEXTO E MATERIAL COMPLEMENTARIO (VER ANEXO I)

17. RESULTADOS AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA CURSO 2010-2011 (VER ANEXO II)

CEIP. EMILIA PARDO BAZAN

Código de centro: 15021627

Enderezo: TRAVESIA DE LOS ROSALES S/N

Concello: A CORUÑA

Correo

Teléfono: 981-276781

electrónico: ceip.emilia.pardo.corunha@edu.xunta.es

| Curso e etapa | Área Materia Ámbito Módulo | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---------------|-------------------------------------|---|---------------|-------------------|
| 1º PR. | CASTELLANO | LENGUA CASTELLANA BASICO CONECTA CON. PUPI 1 S.M. | 9788467546415 | C |
| 1º PR. | GALEGO | LINGUA GALEGA CONECTA CON PUPI 1 S.M. | 9788498542875 | G |
| 1º PR. | MATEMAT. | MATEMATICAS UNA A UNA 1. ANAYA | 9788466797061 | C |
| 1º PR. | COÑ. MEDIO | COÑECEMENTO DO MEDIO . UNHA A UNHA. ANAYA | 9788466799539 | G |
| 1º PR. | INGLES | BUGS WORLD 1. PUPIL´S BOOK MAC MILLAN | 9780230407466 | I |
| 1º PR. | LECTURAS | TICO-TIC LECTURAS 1. ANAYA | 9788466797146 | C |
| 1º PR. | LECTURAS | O TREN DOS CONTOS 1. S.M. | 9788467517200 | G |
| 1º PR. | RELIXION | RELIGION CATOLICA 1. ANAYA | 9788466798266 | C |
| 1º PR. | MATEMAT. | CUADERNO MATEMATICAS UNA A UNA 1. ANAYA | 9788466797917 | C |
| 1º PR. | MATEMAT. | CUADERNO MATEMATICAS UNA A UNA 2. ANAYA | 9788466797924 | C |
| 1º PR. | MATEMAT. | CUADERNO MATEMATICAS UNA A UNA 3. ANAYA | 9788466797931 | C |
| 1º PR. | CASTELLANO | CUADERNO DE LENGUA CONECTA CON PUPI 1. S.M. (PAUTA) | 9788467545616 | C |
| 1º PR. | CASTELLANO | CUADERNO DE LENGUA CONECTA CON PUPI 2. S.M. (PAUTA) | 9788467544732 | C |
| 1º PR. | CASTELLANO | CUADERNO DE LENGUA CONECTA CON PUPI 3. S.M. (PAUTA) | 9788467546293 | C |
| | | | | |
| 2º PR. | CASTELLANO | LENGUA CONECTA CON PUPI 2. S.M. | 9788967546439 | C |
| 2º PR. | COÑ. MED. | COÑECEMENTO DO MEDIO . UNHA A UNHA. ANAYA | 9788466799560 | G |
| 2º PR. | GALEGO | LINGUA GALEGA CONECTA CON PUPI 2. S.M. | 9788498542882 | G |
| 2º PR. | MATEMAT. | MATEMATICAS UNA A UNA 2 . ANAYA | 9788466797085 | C |
| 2º PR. | MATEMAT. | CUADERNO MATEMATICAS UNA A UNA 1. ANAYA | 9788466797948 | C |
| 2º PR. | MATEMAT. | CUADERNO MATEMATICAS UNA A UNA 2. ANAYA | 9788466797955 | C |
| 2º PR. | MATEMAT. | CUADERNO MATEMATICAS UNA A UNA 3. ANAYA | 9788466797962 | C |
| 2º PR. | INGLES | BUGS WORLD 2. PUPIL´S BOOK. MAC MILLAN | 9780230407480 | I |
| 2º PR. | INGLES | BUGS WORLD 2. BUSY BOOK. MAC MILLAN | 9780230719026 | I |
| 2º PR. | LECTURAS | O TREN DOS CONTOS 2. S.M. | 9788467512847 | G |
| 2º PR. | LECTURAS | TICO-TIC LECTURAS 2 . ANAYA | 9788466797153 | C |
| 2º PR. | RELIXION | RELIGION CATOLICA 2. ANAYA | 9788466798280 | C |
| 2º PR. | MATEMAT. | CIFRA. EL AVION DE PAPEL VICENS VIVES | | |
| | | CUADERNO 4 SUMAR LLEVANDO | 9788431674106 | C |
| | | CUADERNO 7 RESTAR LLEVANDO | 9788431675837 | C |
| | | CUADERNO 8 SUMAR Y RESTAR LLEVANDO | 9788431675844 | C |
| | | CUADERNO 9 PROBLEMAS SUMAS Y RESTAS 2 | 9788431675851 | C |
| | | CUADERNO 10 MULTIPLICACIÓN POR 1 CIFRA | 9788431675868 | C |
| | | | | |

CEIP. EMILIA PARDO BAZAN

| Curso e etapa | Área Materia Ámbito Módulo | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---------------|-------------------------------------|--|---------------|-------------------|
| 5° PR | MATEMAT. | MOCHILA LIGERA LA CASA DEL SABER. SANTILLANA | 9788429493634 | C |
| 5° PR | CASTELLANO | MOCHILA LIGERA LA CASA DEL SABER SANTILLANA | 9788429493207 | C |
| 5° PR | COÑ. MED. | MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL VICENS VIVES | 9788431691370 | G |
| 5° PR | GALEGO | ABRE A PORTA ANAYA | 9788466780674 | G |
| 5° PR | INGLES | EXPLORERS 5 . CLASS BOOK . OXFORD | 9780194509244 | I |
| 5° PR | INGLES | EXPLORERS 5. ACTIVITY BOOK. OXFORD | 9780194509251 | I |
| 5° PR | RELIXION | SE LLAMA JESUS 5. S.M. | 9788467598599 | C |
| | | | | |
| | | | | |
| 6° PR | MATEMAT. | MOCHILA LIGERA LA CASA DEL SABER . SANTILLANA | 9788429493832 | C |
| 6° PR | CASTELLANO | MOCHILA LIGERA LA CASA DEL SABER. SANTILLANA | 9788429493375 | C |
| 6° PR | COÑ. MED. | MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL. VICENS VIVES | 9788431692476 | G |
| 6° PR | GALEGO | ABRE A PORTA. ANAYA | 9788466780704 | G |
| 6° PR | INGLES | EXPLORERS 6 . CLASS BOOK OXFORD | 9780194509411 | I |
| 6° PR | INGLES | EXPLORERS 6. ACTIVITY BOOK. OXFOR | 9780194509428 | I |
| 6° PR | EDU.CIDAD. | EDUCACION PARA A CIDADANÍA. S.M.. 2009 | 9788498541502 | G |
| | | | | |
| | | | | |

CEIP. EMILIA PARDO BAZAN

| EDUCACION INFANTIL | | | | |
|--------------------|------------------|---|---|---|
| 3 ANOS | MATEMAT. | CUADERNOS MUCHAS MATES NÚMERO 1, 2 E 3. EDITORIAL ALGAIDA | Nº 1: 9788498775761 Nº 2: 9788498775778 Nº 3: 9788498775785 | C |
| 3 ANOS | RELIXION | 3 AÑOS SE LLAMA JESÚS. EDITORIAL S.M. | 9788467598506 | |
| 4 ANOS | MATEMAT | CUADERNOS MUCHAS MATES NÚMEROS 4, 5 E 6. EDITORIAL ALGAIDA | Nº 4: 9788498775792 Nº 5: 9788498775808 Nª 6: 9788498775815 | C |
| 4 ANOS | ESCRITURA (1) | CUADERNO DE ESCRITURA LETRILANDIA NUMERO 1 (PAUTA MONTESORI ESPIRAL) | 9788426355645 | C |
| 4 ANOS | INGLES | THREE IN A TREE A. CLASS BOOK OXFORD | 9780194070553 | I |
| 4 ANOS | RELIXION | 4 AÑOS SE LLAMA JESUS . EDITORIAL S.M. | 9788467598520 | C |
| 5 ANOS | MATEMAT. (2) | CADERNOS MUCHAS MATES NÚMEROS 7, 8 E 9 | Nº 7: 9788498775822 Nº 8: 9788498775839 Nº 9: 9788498775846 | C |
| 5 ANOS | INGLES | THREE IN A TREE B. CLASS BOOK PACK OXFORD | 9780194302951 | I |
| 5 ANOS | RELIXION | 5 ANOS SE LLAMA JESUS. EDITORIAL S.M. | 9788467598544 | C |

- (1) SÓ PARA OS GRUPOS DE TERESA E AURORA
(2) SÓ PARA OS GRUPOS DE MARIA JOSE E VICKY

A Coruña, 15 de xuño de 2012.
O Director,


Asdo.: José Manuel García Yanes




Ensinanza: Educación Primaria

Centro: 15021627 - CEIP Emilia Pardo Bazán


Promedios globais do centro




Competencia en comunicación lingüística



Competencia matemática



Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico





COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA EDUCACIÓN PRIMARIA

NIVEIS DE RENDEMENTO:

A continuación, descríbense as execucións do alumnado en cada nivel. Resaltar que o alumnado dun determinado nivel, ademáis das súas execucións, realiza todas as dos anteriores.

Nivel 5: Un alumno ou alumna que estea neste nivel, en xeral:

Elabora textos estruturados.

Sintetiza os resultados da obtención de información.

Presenta os seus textos dunha maneira limpa, clara e ordenada.

Elabora argumentacións con coherencia.

Nivel 4: Un alumno ou alumna que estea neste nivel, en xeral:

Capta o sentido global do texto.

Entende información ou ideas relevantes do texto.

Escribe un texto utilizando axeitadamente as normas gramaticais.

Elabora un texto con coherencia, cohesión léxica e gramatical.

Encadea e expón con claridade as ideas.

Compara e contrasta informacións.

Nivel 3: Un alumno ou alumna que estea neste nivel, en xeral:

Organiza e comprende información explícita.

Entende e utiliza o vocabulario apropiado.

Manexa as nocións de duración, sucesión e simultaneidade.

Sintetiza ideas propias e alleas.

Integra e sintetiza a información obtida dun texto previamente lido.

Comprende argumentacións.

Entende información ou ideas relevantes explícitas nos textos.

Nivel 2: Un alumno ou alumna que estea neste nivel, en xeral:

Sintetiza a información dada.

Manexa a noción de sucesión.

Relaciona efectos con causas.

Interpreta e valora a información que proporcionan as imaxes no contexto social.

Substitúe palabras do texto por outras do seu propio vocabulario, sen que perda cohesión.

Detecta e recupera información explícita.

Nivel 1: Un alumno ou alumna que estea neste nivel, en xeral:

Localiza información explícita.

Obtén e selecciona información relevante.

Manexa as nocións de presente, pasado e futuro.

Obtén información de fontes textuais e contextuais.

Identifica información específica.

Capta o sentido global do texto.



COMPETENCIA MATEMÁTICA EDUCACIÓN PRIMARIA

NIVEIS DE RENDEMENTO

A continuación, descríbense as execucións do alumnado en cada nivel. Resaltar que o alumnado dun determinado nivel, ademáis das súas execucións, realiza todas as dos anteriores.

Nivel 5: Un alumno ou alumna que estea neste nivel, en xeral:

Aplica medidas de tempo en situacións cotiás.

Comunica coherentemente os resultados, acompañados de táboas, gráficos e texto.

Valora a utilización de propiedades xeométricas.

Nivel 4: Un alumno ou alumna que estea neste nivel, en xeral:

Recoñece corpos xeométricos e identifica os seus elementos.

Extrae información dun gráfico estatístico.

Emprega estratexias persoais para a resolución de problemas.

Interpreta un gráfico nunha situación familiar.

Nivel 3: Un alumno ou alumna que estea neste nivel, en xeral:

Converte unhas unidades de medida noutras.

Realiza cálculos numéricos en contextos de resolución de problemas ligados á vida cotiá.

Expresa medidas dadas en diferentes unidades nunha común.

Resolve problemas relacionados co contorno que esixan planificación.

Interpreta e expresa situacións con cantidades, para resolver problemas do contorno.

Recoñece figuras xeométricas e identifica os seus elementos.

Resolve problemas relacionados co contorno que esixan certa planificación aplicando contidos básicos de xeometría.

Emprega os números naturais e as súas propiedades para resolver situacións e problemas da vida cotiá.

Utiliza estratexias persoais en problemas de reconto.

Resolve problemas relacionados co contorno, que esixan certa planificación, aplicando dúas operacións con números naturais.

Nivel 2: Un alumno ou alumna que estea neste nivel, en xeral:

Localiza e recupera información explícita.

Recolle e representa datos sobre feitos e obxectos da vida cotiá.

Recoñece o valor das nosas moedas.

Compara e ordena os números polo valor posicional e realiza cálculos numéricos.

Calcula o tempo empregado para realizar unha actividade.

Representa nun gráfico os datos.

Nivel 1: Un alumno ou alumna que estea neste nivel, en xeral:

Recoñece formas xeométricas.

Reproduce unha simetría.

Aplica coñecementos adquiridos numéricos e interpreta gráficas.

Resolve problemas en situacións cotiás.

Utiliza cantidades para expresar e interpretar situacións.

Realiza cálculos numéricos con números naturais.

Resolve problemas relacionados co contorno, que esixan certa planificación, aplicando unha operación con números naturais.



COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACIÓ CO MUNDO FÍSICO EDUCACIÓN PRIMARIA

NIVEIS DE RENDEMENTO

A continuación, descríbense as execucións do alumnado en cada nivel. Resaltar que o alumnado dun determinado nivel, ademáis das súas execucións, realiza todas as dos anteriores.

Nivel 5: Un alumno ou alumna que estea neste nivel, en xeral:

Explica as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación e hixiene

Valora os principais usos que as persoas fan dos recursos naturais sinalando as vantaxes e desvantaxes.

Recoñece as características clave da investigación científica e obtén información relevante.

Nivel 4: Un alumno ou alumna que estea neste nivel, en xeral:

Analiza as diferenzas entre os materiais.

Recoñece a importancia da sostibilidade do equilibrio ecolóxico e a necesidade de adoptar actitudes respectuosas co medio.

Analiza as partes principais de obxectos e máquinas e as funcións de cada una delas.

Recoñece a importancia da sostibilidade del equilibrio ecolóxico.

Obter información relevante sobre feitos sinxelos e extrae conclusións a partir deles.

Relaciona algunhas propiedades elementais dos materiais cos seus usos.

Identifica obxectos e máquinas simples usados na vida diaria.

Nivel 3: Un alumno ou alumna que estea neste nivel, en xeral:

Identifica diferenzas nas propiedades elementais dos materiais.

Recoñece efectos visibles das actuacións do ser humano sobre o medio natural.

Analiza o proceso seguido por algún ben ou servizo dende a súa orixe ata o consumidor

Obter información relevante sobre feitos familiares e extrae conclusións a partir deles.

Identifica, recoñece e clasifica con criterios elementais os animais e plantas mais relevantes do seu contorno.

Recoñece comportamentos individuais e colectivos para utilizar de forma responsable as fontes de enerxía.

Identifica transformacións simples de enerxía no contorno próximo.

Nivel 2: Un alumno ou alumna que estea neste nivel, en xeral:

Pón exemplos asociados á hixiene e á alimentación equilibrada.

Comunica información relevante a través de gráficas ou táboas en casos moi sinxelos.

Identifica as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación e hixiene.

Nivel 1: Un alumno ou alumna que estea neste nivel, en xeral:

Identificar hábitos de alimentación.

Valora as repercusións das actividades humanas en relación coa conservación do contorno.

Identifica palabras clave para buscar información elemental relacionada co mundo físico ou a súa interacción con el.

Relaciona a enerxía cos seus usos habituais na vida cotiá.

Identifica e clasifica a flora seguindo criterios elementais.